



**INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA
DE MOS**

PROXECTO EDUCATIVO

1

ÍNDICE

ÍNDICE

1 – ÍNDICE.....	1
2 – INTRODUCCIÓN.....	3
3 - ANÁLISE DO CONTEXTO	5
4 - SINAIS DE IDENTIDADE.....	17
5 – REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO.....	27
6 – ORGANIZACIÓN DO CENTRO.....	43
7 – UTILIZACIÓN DOS MEDIOS DO CENTRO.....	60

2

INTRODUCCIÓN

INTRODUCCIÓN

A escola pública, por ser pluralista, neutral, aconfesional, etc... frecuentemente se ten mantido nunha certa ambigüidade, crendo innecesaria a explicitación do seu Proxecto Educativo, dos seus obxetivos e da súa metodoloxía. Esta situación de indefinición é incompatible cunha tarefa coma a educación, que sempre debe ser intencional e, por tanto, debe explicitar o que quere conseguir e como o quere alcanzar.

¿Onde estamos? ¿Quen somos? ¿Que queremos? ¿Como o imos facer? Son os pasos sucesivos que fomos dando para ir construíndo un documento válido-coherente co entorno escolar- que enumera e define as notas de identidade do noso Centro, formula os obxetivos e as estratexias e expresa, á súa vez, a estrutura organizativa da que nos dotamos.

O Proxecto Educativo do noso Centro é un documento debatido nos seus diferentes estamentos e aprobado polo Consello Escolar. Nel recóllense:

- As características do Instituto e do seu entorno.
- Os principios que fundamentan os sinais de identidade.
- Os obxetivos que se pretenden lograr.
- O regulamento de Réxime interior, que contén:
 - As normas que regulan as relacións de convivencia entre os integrantes da nosa comunidade educativa.
 - Os órganos de goberno unipersonais e colexiados do Centro, os fundamentos persoais: alumnos, profesores, pais e persoal non docente.
 - As normas sobre o desenvolvemento da actividade académica.
 - As relacións co exterior.

Coa súa posta en escena, no damos por cerrado o presente Proxecto Educativo, senón que, ó consideralo aberto, dinámico e progresivo, iremos reformando, engadindo ou suprimindo todo aquilo que o quefacer docente e o consenso da nosa Comunidade escolar nos veian marcando.

Pensamos que o Proxecto educativo debe constituír o marco global que permita ó equipo docente desenvolver o seu labor dunha forma eficaz e coordinada, dando solucións á problemática específica que se presente, dende o contexto concreto do Centro e dende a perspectiva dos seus grandes obxetivos.

3

ANÁLISE DO CONTEXTO

A NOSA BISBARRA

A bisbarra da Louriña atópase no sur da provincia de Pontevedra ó carón da Ría de Vigo, limitada polas bisbarras do Baixo Miño, o Val Miñor, Redondela e o Condado.

O val do río Louro configura a unidade morfolóxica fundamental da bisbarra. O río aproveita no seu leito a fractura N-S entre Louredo e Tui, parte integrante da Depresión Meridiana, falla orixinada no Herciano.

A bisbarra da Louriña está conformada polos concellos de Mos, O Porriño, Salceda de Caselas e Tui, aínda que hai moita xente que considera ó concello de Tui parte integrante do Baixo Miño, nós considerámolo dentro da Louriña, xa que empregamos como eixe fundamental para defini-la bisbarra ó río Louro, que atravesa dito concello antes de rematar no río Miño.

O NOSO CONCELLO

SITUACIÓN E RELEVO

O concello de Mos atópase no fondo do val da Louriña en dirección norte-sur, entre dúas das vías de comunicación máis importantes do sur de Galicia, a N-550 A Coruña-Tui e a N-120 Vigo-Ourense. A súa situación entre Vigo e O Porriño, unha especial condición no social e no económico.

Está limitado por dúas áreas montañosas en dirección Norte-Sur: a Serra do Galleiro que da ó leste, comeza no monte Galleiro (744 m), continúa co Salgueirón (621 m) e Castelo (543 m) para rematar na Risca (O Porriño); a do oeste, que se coñece co nome de Serra do Galiñeiro, comeza no monte do Castro (350 m) en Guizán, segue co monte da Faquiña, As Pereiras (514 m), Herbille e remata no Galiñeiro (711 m), punto de encontro dos concellos de Vigo, Mos, O Porriño e Gondomar.

Ámbalas dúas están separadas por unha fosa tectónica que entra encaixonada no concello para ir abríndose paulatinamente á medida que nos achegamos ó Sur. Ó longa da mesma instalouse a principal rede fluvial, o río Louro, e as vías de comunicación máis importantes a estrada N-550 e o camiño de ferro que une Vigo co resto de España e Portugal.

A erosión fixo retroceder os escarpes tectónicos, debido ós procesos de alteración das vertentes, o que favoreceu a colmatación do fondo do val, dando como resultado a existencia de áreas mal drenadas, nas que se producen fenómenos de asolagamento e, como consecuencia a aparición de formacións palustres.

HIDROGRAFÍA

A principal rede fluvial, o río Louro, percorre a fosa tectónica de Norte a Sur afastando as dúas áreas de montaña e aproveitando a faia da depresión meridiana xunto co seu afluente, o río Perral. Ó longo desta rede fluvial instaláronse as principais vías de comunicación que deron pé ó seu poboamento actual.

O río Louro nace na ladeira do monte Galleiro, na parroquia de Nespereira (Pazos de Borbén), limítrofe co noso concello. Xa no noso concello recibe as augas dalgúns regueiros como: o Torroeira e Fraga (Louredo), o Castelo e Veiga do Muiño (Mos) pola dereita; o Perral que recolle as augas do Insua, Cerqueira e Curuxeira pola esquerda.

CLIMATOLOXÍA

No que se refire ó clima, Mos ten un clima oceánico (temperaturas suaves e abondosas precipitacións) cun compoñente mediterráneo, que explica a seca estival e con dúas variedades microclimáticas diferenciadas, unha de montaña e outra de val, onde hai aparición de néboas con distinta orixe, na montaña por formar unha pantalla de choque ós ventos oceánicos e no val, por inversión térmica. A seca estival acúsase máis no val, onde nos meses de xullo, agosto e setembro rexístrase un déficit de precipitacións (déficit acumulado superior ó 100), mentras que na montaña prodúcese somente nos meses de agosto e setembro.

A temperatura media sitúase nos 14°C cunha amplitude térmica de 11,2°C. As precipitacións, auspiciadas polos ventos do Suroeste, son moi abondosas: 1800 mm na montaña e 1500 mm no val, diferenza reflectida no número medio de días de chuvia anuais: 152,7 na montaña e 105,4 no val.

DIVISIÓN ADMINISTRATIVA

Cunha superficie de 53,33 km², o concello de Mos está dividido na actualidade en 10 parroquias:

Parroquias	Barrios	Poboación (1.991)
CELA	Arufe, Atín, Cabanelas, Coto, Herville, Iglesia, Pardellas e Sequeiros	1.047 Habitantes
DORNELAS	Brea, Castros, Cotiño e Pedreira	615 Habitantes
GUIZÁN	Castro, Cruceiro, Fraela, Rexomil, Santiaguño e Sobráns	838 Habitantes
LOUREDO	Arrufana, Candosa, Casanova, Cortiñas, Eiragrande, Inxertade, Pantaño, Pombal, Quintal, San Antóñio e Torroeira	1.001 Habitantes
MOS	Cantín, Castro, Espain, Gándara, Pedrapinta, Regadas, Rúa, Santa Marta, Sobrado e Zapateira	1.466 Habitantes
PEREIRAS	Campo de Eiró, Casal, Casalmorto, La Florida, San Rafael, Roubín e Vides	1.469 Habitantes
PETELOS	Arrubial, Balteiro, Barro, Estivada, Laxe, Porteliña, Rexenxo e Veigadaña	1.347 Habitantes
SANGUIÑEDA	Agueiro, Arnecirolongo, Ansar, Areas, As Angustias, Cerqueirás, Monte e Piñeiro	1.619 Habitantes
TAMEIGA	Bosende, Caamaña, Casal, Iglesia, Pedraucha, Puxeiros, Rans, Rebullón e San Eleuterio	2.518 Habitantes
TORROSO	Barreiros, Cabezal, Carballeira, Cerdedelo, Cotofe, Fontiñas, Iglesia, Louriñó, Outeiro, Peinador, San Xoan, Seixabre e Texe	1.277 Habitantes

A POBOACIÓN

A evolución da poboación de Mos mostra un rápido crecemento como podemos ver ó longo das distintas décadas do século XX somente interrompido polo período 1.986/1.996:

1.900	1.910	1.920	1.930	1.940	1.950	1.960	1.970	1.981	1.986	1.991	1.996
6.096	6.753	7.084	7.367	8.942	8.876	10.014	11.183	13.102	13.629	13.197	13.744

O índice de crecemento nos últimos 50 anos (1.950/1.996) é do 54,8%. A densidade de poboación, por conseguinte, aumenta dende os 166,43 hab/ km² en 1.950 ata 257,7 hab/ km² en 1.996.

O aumento demográfico hai que buscalo no crecemento natural e na case nula emigración que, segundo o censo especial de emigrantes do ano 1.979, queda reducido a 64 persoas, ó que non é allea á expansión industrial do Porriño, como o demostra o feito de que dúas das parroquias máis densamente poboadas sexan as máis próximas: Sanguñeda con 447 hab/ km² e Pereiras con 462 hab/ km²; así mesmo, a propia industrialización do Concello, a proximidade de Vigo e o paso da autovía Rias Baixas soben a densidade da parroquia de Petelos a 648 hab/ km².

Tamén os saldos migratorios indican non só que non perde habitantes, senón que incluso gaña algúns inmigrantes que fixan en Mos a súa residencia: 25,64% no ano 1.986.

A estrutura da poboación na súa distribución por sexos (48% homes) e idades ten as características dunha poboación xove, pois a porcentaxe de habitantes menores de 16 anos é dun 34%, mentras que soio un 7,27% son maiores de 65 anos.

A análise da poboación mostra unha porcentaxe do 51,48% de poboación activa, cunha taxa de paro (1.981) do 8,93%, paro que vai en aumento pola crise económica co peche de moitas fábricas do Porriño; tamén ten incidencia a crise económica en Vigo (Asteleiros, Alvarez,...).

Por sectores, a actividade que presenta unha maior porcentaxe é a do sector secundario (Industria e Construcción) cun 57,3% no ano 1.981, como resultado da industrialización da zona, mentras que o sector primario presenta un índice do 11,1% e o terciario do 31,4%. Neste punto non hai que esquecer que no Concello hai unha agricultura de autoconsumo que se compatibiliza co traballo na fábrica.

A poboación ten un asentamento moi espallado cunha porcentaxe moi elevada de vivendas unifamiliares. A carencia dun núcleo urbán representa un gran problema para o desenvolvemento do Concello; soamente pódense constatar uns pequenos núcleos urbáns: Alto de Puxeiros, Barrio do Monte en Sanguñeda, San Rafael en Pereiras e San Eleuterio en Tameiga, sumando en total unhas 4.000 vivendas.

O grupo socioprofesional dominante na industria e construción faise patente no predominio dos asalariados. Por outra banda a pronta incorporación á actividade laboral quizáis explique a baixa participación municipal no ensino universitario galego, aínda que coa implantación da Universidade de Vigo no límite común dos dous concellos as perspectivas son boas. Polo demais, en canto ó baixo nivel de titulacións formais, comparte o abandono educativo sufrido polos pobos de Galicia.

ANÁLISE SOCIOECONÓMICO

O emprazamento de Mos, enchendo o espacio intersticial dos principais eixes de comunicación, é determinante para entende-la súa dinámica socioeconómica dentro da Área Metropolitana de Vigo. É un concello de transición xa que participa das características das áreas industriais de Vigo e O Porriño, e da actividade rural propia das áreas periurbáns, estando a súa paisaxe pouco urbanizada pois unha grande parte da súa superficie (54,05%) adócese a monte e unha terceira parte (28,9%) a cultivos e prados.

O sector primario é dende fai tempo unha actividade secundaria que na década dos 70 ocupaba ó 17,14% da poboación activa e hoxe en día é do 4,51%. Os cultivos de millo, pataca, hortalizas, centeo, vides e forraxe para o gando vacuno son os produtos principais; moitos deles comercialízanse nos mercados próximos de Vigo e Porriño. Hoxe, a gandeiría e a agricultura son de autoconsumo, cun claro modelo familiar de economía rururbán.

Debido o desenvolvemento industrial adquirido polo eixe Vigo-Porriño, creouse unha área rururbán mixta, sobre todo a partires da creación do Polo Industrial Vigo-Porriño, que fortaleceu o seu tecido industrial.

Reflexo do antedito son os actuais índices de actividade. A industria e o sector terciario son as dedicacións fundamentais co 40,26% e o 40,9% respectivamente, participando na construción co 15,13%. As principais empresas están adicadas ó granito e derivados, transporte, cerámica, carpinterías, frigoríficos, talleres, transformacións de materiais plásticos, confección etc., sendo as máis significativas: Granitos Ibéricos, Rodman, Carzhu, Cedegalsa, , Pili Carrera, Copo Ibérica, etc, esta última é a que ten un maior número de traballadores.

O NOSO INSTITUTO: IES DE MOS

TIPO DE CENTRO

O noso Instituto é un centro público de recente creación que comezou a súa andadura no curso 1.995/1.996 con 70 alumnos no 3º curso da ESO con alumnos procedentes de 8º da EXB que cursaron os seus estudos nos centros do Concello.

SITUACIÓN

O IES de Mos está situado na parroquia de Petelos, equidistante de tódolas parroquias, barrios ou lugares do Concello. É un edificio situado ó carón do CP de Petelos, no lugar denominado As Pozas. No seu entorno apenas hai poboación, as poucas vivendas que hai son unifamiliares, a maior parte do terreo colindante está adicado a monte. Pódese acceder a él mediante carreteras locais, distando da autovía Rías Baixas uns dous Km, neste contexto podemos dicir que as comunicacións non son moi axeitadas, máis ben, escasas. A única biblioteca pública do Concello atópase a uns 1.700 m na carretera de acceso á autovía.

INFRAESTRUCTURA

O edificio ten está construído sobre un terreo inclinado e distribuído en 3 bloques de 3 plantas cada un, dando en total unha altura de 5 plantas; un bloque está destinado a oficinas, seminarios, despachos, salón de actos e cafetería; e os outros dous á clases, talleres e ximnasio.

A zona de lecer e esparcemento é escaso e conta somente con dúas pistas de deporte sen cubrir, e un pequeno porche cuberto que non acada as necesidades do alumnado nos días de chuvia.

En canto a **instalacións**, son as típicas dun centro de recente creación; está dotado de:

Dependencias:

Cafetería
Salón de actos
Biblioteca
Conserxería
Oficinas
Sala de profesores
Sala de alumnos
Seminarios (9)
Sala de titoría
Local da APA

Aulas materia:

1 de Tecnoloxía
2 de Plástica
1 de Informática
1 de Debuxo Técnico
2 de Audiovisuais
1 de Idiomas
1 de Sociais
1 de Apoio
1 Ximnasio
2 de Música

Talleres e laboratorios:

2 Talleres de Tecnoloxía
1 Laboratorio de Bioloxía e C. Naturais
1 Laboratorio de Química
1 Laboratorio de Física

Pistas deportivas:

1 campo de Baloncesto
1 campo de Balonmán

Aulas de alumnos: 29

ESTUDIOS QUE SE IMPARTEN

Na actualidade impártense os dous ciclos da ESO, dúas modalidades de Bacharelato (CC. da Natureza e Saúde, Humanidades e CC. Sociais) e dous cursos de Garantía Social (Introducción á electricidade de baixa tensión, e Maquinista de confección industrial) en colaboración co Centro de Desenvolvemento Local de Mos (CDL).

Así mesmo, o Centro oferta materias optativas que o alumno pode elixir nos dous ciclos da ESO e no Bacharelato; estas optativas son:

No primeiro ciclo da ESO: Obradoiro de Matemáticas, Obradoiro de Comunicación e 2ª Lingua Extranxeira.

No segundo ciclo da ESO: Ciencias Medioambientais e da Saúde, Cultura Clásica, Iniciación Profesional á Electricidade e á Electrónica, Iniciación á Tecnoloxía Informática, Técnicas de Expresión Escrita, Educación Plástica e Visual, Tecnoloxía Informática, 2ª Lingua Extranxeira.

No Bacharelato de CC. da Natureza e Saúde: Ciencias da Terra do Medio Ambiente, Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Bioloxía, Física, Química, Matemáticas I, Matemáticas II, Debuxo Técnico.

No Bacharelato de Humanidades e CC. Sociais: Ética e Filosofía do Dereito, Literatura Universal Contemporánea.

ACCESO Ó INSTITUTO: TRANSPORTE ESCOLAR

A maioría dos alumnos disfrutan de Transporte Escolar Gratuito, dito transporte distribúese en 12 liñas cos seguintes percorridos:

Liña 1: Costa da Morte, Abelenda, Alto de S. Cosme, Herville, Atín, Florida, Cristo de Belén.

Liña 2: Monte, Amieirolongo, Sta. Marta, G. Constante, Cruce Cra. Redondela, Bar Cazador.

Liña 3: Cadosa, Piedraucha, Laxe, S. Eleuterio.

Liña 4: Iglesia Pereiras, Casal, Campo de Eiró, Agueiro, Piñeiro.

Liña 5: Ponte de Senlle, T. Vaquero, M. Arxentino, Cerqueiras, Veigadaña, As Baloutas.

Liña 6: Santiaguíño, Cabaliño, Transformador, Teleclub, Lavadero, Louriñó, Bar Moreno, Outeiro/Iglesia.

Liña 7: Roublín, Coto, Carballeira, A Pereira, A Ortiga, Bar Soriano, Gándara, Escola de Torroso.

Liña 8: Curuxeira, Bar Berges, Iglesia/Tameiga, Peña de Francia, Buenos Aires, Peinador, Pozas do Monte, Fonteiravella, Torre, Cotofe.

Liña 9: Puxeiros, Ramilo, Gándara, Rans, Rexenxo, Balteiro

Liña 10: Inxertade, Arrufana, Os Valos, Iglesia/Louredo, Regadas, Trastiendas Mos, Bar Iglesias.

Liña 11: Pardellas, Cabanelas, Baxiña, Cotiño, Os Castros.

Liña 12: Abelleira, Cristo dos Cabaleiros, Tapadas/Cabaleiros, Alto de Bartreiro, Outeiro/Fontiñas.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

O Centro organiza unha serie de actividades extraescolares:

- **Actividades deportivas:**
 - Campeonatos internos de fútbol, balonmán e baloncesto.
 - Escolas deportivas: fútbol. (En colaboración coa APA)
 - "Rafting", que organiza o Departamento de Educación Física.
- **Actividades culturais:**
 - **Viaxes**
 - Viaxes de estudio, para alumnos de 2º Bacharelato e 4º da ESO.
 - Excursións de un día que organizan os distintos departamentos como apoio ó proceso de aprendizaxe.
 - **Conferencias**
 - Ciclo de conferencias de orientación. Destinadas ós alumnos que rematan a ESO e o Bacharelato.
 - Conferencias de carácter científico, cultural e literario, que se desenvolven ó longo do curso como apoio ó proceso de aprendizaxe.
 - **Visitais varias**
 - Empresas, Museos, Centros culturais, etc.

- **Semanas culturais**
 - “Semana do Libro”, “Semana do periódico”, “Semana das Letras Galegas”.
- **Festas e Festivais escolares**
 - Magosto, Día da Paz, Entroido, Día da árbore, Día do Libro, Día das Letras Galegas.

OS NOSOS PROFESORES

PROFESORADO

O número total de profesores que integran o claustro é de 53, este profesorado está distribuído en 17 Seminarios, con 33 profesores definitivos, 18 interinos e 2 de relixión. Trátase dun claustro semiestable, debido a cantidade de interinos que poden variar en cada curso académico.

Os seminarios son os seguintes:

Seminario	Profesorado (Def. + Prov.)	Seminario	Profesorado (Def. + Prov.)
Galego:	4+2	L. Castelá:	4+1
Inglés:	4+1	C. Sociais:	4+1
Matemáticas:	4+1	E. Física:	2+1
C. Naturais:	3+2	F e Q:	1+1
Plástica:	2+1	Tecnoloxía:	2+2
Música:	1+1	Filosofía:	0+1
Economía:	0+1	Francés:	0+1
Latín:	0+1	Relixión:	2
Orientación:	2		


Os órganos de coordinación docente son:

✓ **A Comisión de Coordinación Pedagóxica**, integrada polo Director/a, Xefe/a de Estudos e os Xefes de Seminarios e Departamentos.

✓ **O Departamento de Orientación**, integrado polo Xefe/a de Estudos, Psicólogo, Profesor/a de Apoio, e un titor por cada nivel de ESO e Bacharelato.

✓ **Os titores**, coordinados polo Departamento de Orientación e Equipo Directivo, que ten no Plan de Acción Titorial o seu marco de orientación.

O organigrama do Centro queda resolto da seguinte forma:



OS NOSOS ALUMNOS

ALUMNADO

O IES conta neste curso académico con 732 alumnos procedentes dos distintos colexios do Concello. Por parroquias a procedencia é a seguinte:

Cela: 58	Dornelas: 38	Doutros concellos: O Porriño (6) e Vigo (2).
Guizán: 33	Louredo: 60	
Mos: 77	Pereiras: 82	
Petelos: 85	Sanguinieda: 81	
Tameiga: 145	Torroso: 69	

O alumnado está repartido nos distintos niveis da seguinte forma:

1º da ESO: 140 alumnos distribuídos en 5 grupos

2º da ESO: 185 alumnos, dos que repiten 27, distribuídos en 7 grupos

3º da ESO: 190 alumnos, dos que repiten 25, distribuídos en 7 grupos

4º da ESO: 102 alumnos, dos que repiten 13, distribuídos en 3 grupos

1º de Bacharelato: 69 alumnos distribuídos en 2 grupos, un de C. Naturais e outro de C. Sociais e Humanidades.

2º de Bacharelato: 36 alumnos distribuídos en 2 grupos, un de C. Naturais e outro de C. Sociais e Humanidades.

A representación dos alumnos na marcha do Centro queda plasmada na Xunta de Delegados, formada por 26 delegados de grupo e polos representantes no Consello Escolar, actualmente 3 alumnos.

En canto ás características do alumnado ven dada por unha enquisa feita a 100 alumnos collidos de tódolos cursos do Centro. Hai que destacar que dada a premura do tempo, non se puido face-la enquisa a tódolos alumnos como era o noso desexo; polo tanto hai que ter en consideración esta circunstancia e tratar de realizala o vindeiro curso.

COMENTARIO DA ENQUISA REALIZADA ÓS ALUMNOS DO IES DE MOS

1. DATOS PERSONAIS E FAMILIARES

A enquisa realízase sobre un muestreo de 100 alumnos comprendidos entre os 12 e os 20 anos dos que os pais teñen de 30 a 60 anos, sendo a idade máis común a comprendida entre 35 e 45 anos.

Máis da metade deles naceron no Concello de Mos, estando repartidos practicamente por igual en tódalas parroquias do mesmo.

O 73% viviron sempre en Mos, e na actualidade o 86% habita nunha vivenda unifamiliar. En canto ó núcleo familiar, o 90% viven cos seus pais e irmáns, sendo un promedio de 4 ou 5 membros os que compoñen a familia.

Hai un 51% das familias nas que soamente o pai ten traballo remunerado e o 40% delas teñen traballo remunerado o pai e a nai. Tamén hai que salientar que nun 30% das familias teñen máis membros con traballo remunerado. Os traballos distribúense maioritariamente na industria e na construción no caso dos pais, e na industria no caso das nais.

2. INCIDENCIA DO IDIOMA.

Predomina a presenza do idioma castelán, reafirmando o seu uso no ámbito non familiar e entre a xente máis nova. Soamente se equiparan as tres opcións cando os pais se comunican cos veciños: 35% galego, 26% castelán e o resto indistintamente; cos fillos o uso do castelán aumenta a un 40%. Pola súa parte os fillos exprésanse maioritariamente en castelán: cos pais nun 53%, cos amigos 64% e no Instituto o 65%. Cabe subliñar neste sector a escasa presenza da lingua galega que queda reducida a un 18%, 8% e 6%.

Despréndese dos números pois, un ámbito bilingüe con predominio do castelán e cun retraso no uso do galego nos fillos e mesmo os pais cambian de idioma cando se dirixen a eles.

3. NIVEL CULTURAL E HÁBITOS. TEMPO LIBRE.

A resposta maioritaria en ámbolos dous sectores, pai, nai, sitúase na Ensinanza Básica: 68% e 63%. Destaca a presenza equilibrada entre as demais opcións arredor dun 7% que diminúe no caso de carreira superior: 4% e 2%.

A lectura dos pais encamiñase cara ós periódicos (74%) e prensa deportiva (40%); o resto repártese nunha media de 8%, salvo nas revistas técnicas (2%). Pola contra as nais inclínanse polas revistas (51%), séguenlle os periódicos cun 41% e destacar tamén a presenza dos libros de literatura nun 21%; hainas que nada len (16%) e unha pequena representación de prensa deportiva, libros técnicos e mesmo comic. Máis equilibrada resulta a resposta do fillo/a que nun 54% di ler libros de literatura; o 40% revistas, o 36% cómic; e, periódicos o 31%. Que non lean nada atopamos a 3 e o que menos fan é consultar revistas técnicas.

A actividade de lectura resúmese pois, na súa maioría en periódicos, revistas e prensa deportiva; e, no caso dos libros de literatura especifícase como algo que entra na dinámica de aprendizaxe do fillo/a. (Escola)

En canto ó tempo libre, a actividade común é a TV (60%), séguelle oi-la radio (30%). No resto, as cifras oscilan bastante; así o pai inclínase por ver deporte e ir ó bar cos amigos, mentres que a nai escoita música. O dinamismo é maior nos fillos e as súas preferencias repártense en ve-la televisión, escoitar música (60%), practican deporte (36%), oen a radio (31%), van ó cine e ven deporte un 25%, quedando a música e os concertos nunha minoría.

É de destacar a opción "Outras" que se supón sobre todo nas nais (19%) que son labores relacionadas co campo. No pai e nai predominan pois aquelas actividades que non requiren desprazamentos, mentres no caso do fillo hai un maior reparto e presenza de todo tipo de actividades.

3B. COÑECEMENTO DE INSTALACIÓNS NO CONCELLO OU BISBARRAS. E PERTENZA A ASOCIACIÓNS CULTURAIS.

Comentando as instalacións, debe dicirse que dada a distribución xeográfica do Concello, non se atopa un núcleo urbano específico onde satisfacer todo tipo de actividades. As instalacións espállanse polas distintas zonas requirindo sempre un servizo de transporte que non existe. Dentro do Concello hai unha biblioteca, tres pabellóns e algunha asociación cultural; tamén hai unha discoteca. En canto a cines, salas de xogo e outras, estas radican en Redondela, O Porriño e Vigo. Isto xustifica a resposta maioritaria no punto 3.5 que recolle unha maioría de pertenza a Centro Cultural.

4. AFECCIÓNS E LECTURA

Dous tercios dos alumnos son afeccionados ó deporte e á música; e máis da metade á televisión. Unha terceira parte son afeccionados á lectura e a cuarta parte ó cine e informática. Hai pouca afección pola natureza, radio e a arte. Do exposto pódese deducir a gran influencia que sobre os alumnos do Instituto teñen os poderes mediáticos a través da imaxe na TV, incluíndo un culto da xuventude ós novos heroes: deportistas e cantantes.

En canto á lectura, a terceira parte dos alumnos prefiren os cómics, mentres que a cuarta parte decántase pola novela e prensa deportiva. Destacar que a prensa musical ten un certo seguemento co 14%. Novamente vólvese a reflectir o atractivo da imaxe nos alumnos, así como o seguemento dos heroes deportivos e musicais na prensa especializada. Neste escenario soamente desentona unha certa afección pola novela, que contrasta cos gustos xa expostos.

A metade dos alumnos len máis de seis libros ó ano, a cuarta parte máis de tres e o resto menos de tres. Dedúcese que unha cuarta parte dos alumnos soamente len os libros que lle esixan no Instituto, a outra cuarta parte, algo máis e a metade pódese considerar que ten un grado de lectura importante, e, curiosamente, este número é superior ó de alumnos que consideran son afeccionados á lectura.

5. TELEVISIÓN

Obsérvase que os alumnos ven moito a televisión, ata o punto de que a metade deles vena tres ou máis horas diarias. Entre os programas favoritos predominan os de diversión e evasión sobre os de información e formación. As tres cuartas partes dos alumnos son afeccionados ás películas, máis da metade ás series e case a metade ás retransmisións deportivas. A cuarta parte séntese atraída polos debuxos animados e concursos. Neste escenario soio os documentais rompen esta dinámica cun seguemento por parte dunha terceira parte dos alumnos.

6. TEMPO LIBRE E FINS DE SEMANA

Máis da metade dos alumnos saen con compañeiros do Instituto e veciños, aínda que é de destacar o dato de que a cuarta parte sae con compañeiros non residentes en Mos.

A maior parte dos alumnos saen con amigos da mesma idade, aínda que hai que destacar que a terceira parte confesa saír con amigos algo maiores.

En canto á forma de divertirse as fins de semana, non hai ningunha que domine de forma significativa, aínda que algo máis da terceira parte di que pasean, van á discoteca, fan deporte ou van ó cine. Soamente uns poucos de alumnos divírtense xogando na casa ou nas salas de xogo.

Destaca fundamentalmente o dato de que máis da metade dos alumnos divírtense as fins de semana en Porriño e a terceira parte en Vigo, situándose ámbalas dúas como polos de atracción da xuventude e en xeral da poboación de Mos.

Aproximadamente os alumnos divídense en dous bloques: a metade déitase as fins de semana antes das 12 da noite e a outra metade despois das 12. Así mesmo estes divídense practicamente en dous grupos semellantes: a cuarta parte entre as 12 e as 2 e a outra cuarta parte despois das 2. Polo tanto, hai un considerable número de alumnos que trasnoita as fins de semana.

7. HÁBITOS DE COMPRA

Debido á situación xeográfica de Mos, entre Vigo e Porriño, e sobre todo á falta dun núcleo urbán consolidado, onde deberían estar asentados tódolos servizos, os habitantes de Mos realizan a maioría das súas compras en Vigo e Porriño.

A enquisa tamén revela que a maioría das compras de produtos alimenticios fanse no Porriño (73%), mentres que a roupa mércase sobre todo en Vigo (61%) a pesar de que hai unha porcentaxe moi importante que tamén as fan no Porriño (51%), polo que podemos concluir que son Vigo e Porriño os principais mercados para os veciños de Mos, máis aínda co seu propio concello.

No que respecta ó apartado que nos fala das características da roupa que mercan, podemos comprobar que para a maioría dos pais dos alumnos/as do Instituto o importante é que lle sente ben ó fillo/a por riba doutros condicionantes (marca de prestixio, ofertas, que cumpran requisitos que lles piden). Por outra banda podemos concluir que se estas compras as fixeran os rapaces preferirían que a roupa tivera marca de prestixio.

8. ASEO PERSONAL E SAÚDE

No referente ó aseo corporal, existe unha alta cota de hixiene xa que maioritariamente dúchanse na casa todos ou case que tódolos días. Asemade lavan as mans antes das comidas sempre a metade dos nenos e case que sempre outro tercio máis. Polo contrario só unha terceira parte lava os dentes sempre despois das comidas, aínda que outro tercio manifesta que os lava case sempre.

En canto á roupa existen unhas pequenas diferencias xa que máis das tres cuartas partes cambia a roupa interior tódolos días e o resto unha-dúas veces á semana, pero na roupa de vestir están ó 50% os que cambian a roupa tódolos días e os que a cambian dúas-tres veces por semana.

En canto á preocupación pola saúde, cumpren sempre co calendario de vacinacións pero só fan revisións médicas regulares dúas terceiras partes.

É salientable que contra do que nós pensabamos, só un 7% ten problemas pulmonares crónicos e un 6% tivo algún problema pulmonar grave pero puntual.

9. ESTUDIOS REALIZADOS E ESPECTATIVAS

O noventa por cento dos alumnos proceden de centros públicos de Mos, sendo o dez por cento restante doutros concellos ou de centros privados. As tres cuartas partes están satisfeitos do seu rendemento académico do curso anterior. O estudio resúltalle difícil a máis da metade, interesante a un 40% e útil a un 67%. Pensan que teñen problemas no estudio porque se organizan mal, perden a atención con facilidade e non atopan as ideas esenciais.

Unha metade adícase só ós estudos e a outra metade repártese en actividades complementarias como música, idiomas, informática, etc

Maioritariamente axudan na casa invertindo un promedio de 1-2 horas diarias. O 82% teñen un lugar para estudar, dispoñendo algo máis da metade dunha pequena biblioteca.

En canto á axuda e o control dos pais nas horas de estudio están ó 50%. Catro de cada cinco pensan que o ambiente de estudio na casa é axeitado.

Intentan esforzarse en comprende-lo que estudian pero ó non relacionar e asociar coñecementos acaban memorizando senn comprender aproximadamente a metade.

Seguirían estudiando as tres cuartas partes, sen ningunha preferencia clara, porque queren ser algo na vida(50%) e por saber (20%). Pensan seguir estudos de carreira superior o 27%, media o 20%, Bacharelato e remata-la ESO o 13%, e soio un 11% queren poñerse a traballar ós 16 anos.

Valoran altamente o compañeirismo máis da metade así como a profesionalidade dos profesores. En canto ó traballo do titor a valoración é medio-alta. Consideran que o sistema de participación dos alumnos na vida do centro é normal, que a orde e disciplina é normal-boua. Teñen un desexo de formación moi elevado sendo a resposta maioritaria moi boua ou boua. Consideran a relación cos profesores normal, na metade dos casos e moi boua nunha cuarta parte máis.

OS PAIS DOS NÓSOS ALUMNOS

CARACTERÍSTICAS

Os pais dos nosos alumnos teñen aproximadamente entre 30 e 60 anos, sendo a idade máis común a comprendida entre 35 e 45 anos. O 86% habitan nunha vivenda unifamiliar e na maioría dos casos o núcleo familiar componse de 4 a 5 membros; é dicir, pais e dous ou tres fillos na maioría dos casos.

Hai un 51 % das familias nas que soamente o pai ten traballo remunerado e no 40% delas son o pai e a nai os que teñen traballo remunerado. Hai que salientar que nun 30% das familias teñen máis membros con traballo remunerado; por outra banda non hai que esquecer que dito traballo remunerado se comparte co traballo agrícola de autoconsumo, polo que se pode dicir que a maioría das familias disfrutan dunha boua situación económica. Os traballos distribúense maioritariamente na industria e na construción no caso dos pais, e na industria nos casos das nais (Copo Ibérica, Cedegalsa e Pili Carrera).

En canto a fala no entorno familiar, existe un ámbito bilingüe con predominio do castelán, que se equipara co galego cando os pais se comunican cos veciños. O nivel cultural sitúase na Ensinanza Básica (arredor dun 65%), un 7% ten estudos medios e un 3% carreira superior. O nivel de lectura límtase ó periódico e prensa deportiva no caso dos pais; e revistas no caso das nais, sendo moi escasa a lectura de libros. A actividade común no tempo libre é a TV (60%) e escoita-la radio (30%), a parte disto, os pais inclínanse por ver deporte e ir ó bar cos amigos mentras que a nai aproveita as labores da casa para oír música. Tamén adican o tempo que consideran "libre = non ir ó traballo" a labores relacionadas co campo, en resume que predominan aquelas actividades que non requiren desprazamento.

En canto a axuda e o control dos pais sobre o seu fillo na casa están ó 50%, e os fillos consideran maioritariamente que o ambiente de estudio na casa é axeitado.

Por último dicir que a maioría dos pais está integrada na APA do Centro e que están representados no Consello Escolar por 3 pais: un en representación da APA e os outros dous en representación de tódolos pais. Tamén está programada unha hora semanal para consultas co titor/a do seu fillo/a co fin de valora-la súa marcha académica.

PERSONAL NON DOCENTE

Personal administrativo: 2

Personal subalterno: 2

4

SINAIS DE IDENTIDADE E OBXECTIVOS

DEFINICIÓN DOS PRINCIPIOS DE IDENTIDADE E OBXECTIVOS

Entendemos por principios de identidade o conxunto de rasgos formulados en termos de definicións institucionais que o centro asume como propios e que constitúen, sen dúbida, o eixo central sobre o que se sustenta o Proxecto Educativo.

Os principios de identidade pretenden establecer claramente as grandes liñas educativas e ideolóxicas que permitan dotar ó Centro dun estilo educativo propio.

Expresan as conviccións antropolóxicas, sociais, ideolóxicas e pedagóxicas que definen ó I.E.S. de Mos.

Trátase, por tanto, do conxunto de principios rectores que tódolos membros da comunidade do I.E.S. deberían axudar a construír e interpretar con significados compartidos.

Os preceptos legais que sempre deberán ser respectados como opcións educativas básicas son, fundamentalmente, os seguintes:

- . A Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948
- . Dereitos e Deberes dos/as alumnos/as contemplados na Lei Orgánica do Dereito á Educación (L.O.D.E.).
- . A decidida vontade de conseguir os fins provistos na Constitución e na L.O.D.E., recolleitos na lei de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (L.O.X.S.E.)

PRINCIPIOS BÁSICOS DE IDENTIDADE

1. **ÁMBITO XERAL. Ensino público:** aberto a calquera alumno/a que cumpra os requisitos contemplados na lei, sen condicionante algún de etnia, nacionalidade, sexo ou crenza relixiosa.
2. **ÁMBITO XERAL: Ensino non confesional.** Este Centro, en canto ós seus principios filosóficos, relixiosos, políticos ou éticos e morais, non se acolle nen participa de ninguha doutrina sistematizada concreta e definida como tal.

Por outra banda o centro declárase respetuoso con tódalas opcións relixiosas. As celebracións que se producen, coincidentes con días non lectivos oficiais ou con festividade relixiosas, terán carácter de manifestación cultural e lúdica.

2.1. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

- 2.1.1. O centro, dentro das súas posibilidades, facilitará o estudo das distintas relixións.
- 2.1.2. O profesorado manifestarase obxetivamente no exercicio da docencia, sendo tolerante ante as diferentes manifestacións ideolóxicas do alumnado, e procurando evitar, pola súa parte, adoutramentos, credos ou tendencias ideolóxicas.

3. **ÁMBITO XERAL. Ensino bilingüe:** O I.E.S. de Mos defínese como un Centro bilingüe. A nosa realidade lingüístico-social desenvólvese nas dúas linguas que esta comunidade autónoma asume como oficiais.

O pobo galego fala, escribe e enténdese en ámbalas dúas linguas, polo que á hora de configurar os sinais de identidade do P.E.C. atémonos á realidade social que observamos.

Non obstante, estimamos a conveniencia de potenciar a lingua galega coma rasgo definitorio da personalidade dun pobo con identidade propia.

3.1. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

- 3.1.1. Evita-las situacións de mestura de rexistros lingüísticos orais e escritos, respetando sempre as peculiaridades lingüísticas dos/as alumnos/as.

4. **ÁMBITO IDEOLÓXICO. Educación na liberdade e para a liberdade.**

A través da educación cada individuo deberá ir acadando a capacidade de elixir libremente as diversas opcións que se lle vaian presentando no transcurso da súa vida.

A liberdade non só será unha meta, senon un medio de participación e organización do centro.

4.1. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

- 4.1.1. Prioriza-lo desenvolvemento harmónico das dimensións física, intelectual, afectiva, ética e social do alumnado.
- 4.1.2. Encauzar toda a actividade académica do Centro, de modo que se desenvolva un clima de convivencia democrática baseada na participación, o pluralismo, a tolerancia, respecto e a aceptación mutua.
- 4.1.3. Establecer, por medio do Regulamento de Réxime Interno, o marco adecuado que permita a tódolos membros da comunidade educativa exercer os seus dereitos, sen esquecer os seus deberes.
- 4.1.4. Inculcar respecto ós dereitos e liberdades fundamentais, sobre todo ós Dereitos Humanos, actuando dacordo con eles.

4.2. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA

4.2.1. E.S.O.

- 4.2.1.1. Posibilita-los cauces adecuados para a expresión dunha crítica positiva e constructiva.
- 4.2.1.2. Establecer un marco de relacións e pautas de comportamento que lles axude a superar a dualidade seguridade-inseguridade, dependencia-independencia, propias desa idade.

4.2.2. BACHARELATO.

- 4.2.2.1. Contribuir a que os/as alumnos/as orienten as súas vidas de acordo coas grandes ideoloxías que eles recoñezan como atrañtes.
- 4.2.2.2. Ir consolidando unha madurez persoal, social e moral que lles permita actuar de forma autónoma e responsable.

5. **ÁMBITO IDEOLÓXICO. Integración e non discriminación:**

Un dos principios básicos debe ser a admisión e integración no centro de tódolos/as alumnos/as que soliciten o ingreso e que cumpran os requisitos de matriculación establecidos polas autoridades educativas.

En ningún caso se descriminará a ningún/unha alumno/a por características raciais, sociais, sexo, lugar de procedencia, crenzas, capacidades persoais..., e tenderase a fomentar a interculturalización.

Perseguirase en tódolos/as alumnos/as o desenvolvemento (dentro das súas respectivas posibilidades) das mesmas capacidades presentes nos obxectivos xerais do currículo.

5.1. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO.

- 5.1.1. Utilizar técnicas de grupo co fin de conseguir a cohesión e madurez do grupo-clase.
- 5.1.2. Buscar e empregar as técnicas de traballo máis convenientes para os/as alumnos/as con necesidades especiais, potenciando en todo momento a súa integración real.
- 5.1.3. Facer da avaliación, tanto por parte do profesorado coma do alumnado unha verdadeira análise de todo o proceso educativo en xeral e de cada alumno/a en particular e, á súa vez, facer da avaliación un instrumento de motivación e autoestima.
- 5.1.4. Promoveranse actividades que non fomenten roles distintos en función do sexo que logo condicionen e dificulten a igualdade de opcións ante a inserción na vida adulta. Favorecerase, pois, a integración e participación equilibrada de ámbolos dous sexos na estruturación e dinámica do centro.
- 5.1.5. O alumnado deberá asumir plenamente o principio de que a muller e o home gozan dos mesmos dereitos, realizándose a relación de ámbolos dous sexos nun nivel de igualdade.

5.2. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.

- 5.2.1. Relacionarse coas outras persoas e participar en actividades en grupo con actitudes solidarias e tolerantes, superando inhibicións e prexuízos, recoñecendo e valorando críticamente as diferencias de tipo social e rechazando calquer discriminación baseada en diferencias de raza, sexo, clase social, creencias e outras características individuais e sociais.

6. **ÁMBITO IDEOLÓXICO. Integración e non discriminación:**

Esta institución educativa considera os/as alumnos/as con n.e.e. como membros con plenos dereitos e deberes e favorecerá a súa integración.

Así mesmo prestará especial atención á diversidade dos/as seus/súas alumnos/as, tanto respecto ás súas capacidades físicas e intelectuais como ás súas diferencias culturais, relixiosas, etc.

Neste ámbito tenderase a unha educación compensatoria que trate de evitar ou, polo menos, aminorar desigualdades de calquera índole.

6.1. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO.

- 6.1.1. Impulsa-la acción tutorial individual e de grupo para levar a cabo a orientación educativa e profesional, así como as diversificacións e adaptacións curriculares dos/as alumnos/as.

6.2. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.

6.2.1. E.S.O.

I.E.S. de Mos, feita unha análise do alumnado que non chega a acadar os obxectivos da E.S.O., oferta programas específicos de Garantía Social coa seguinte finalidade:

- 6.2.1.1. Proporcionarlle a este alumnado unha formación básica para o seu desenvolvemento na vida activa.
- 6.2.1.2. Prover ós/ás alumnos/as partícipes destes cursos, dunha especialización básica que lles permita introducirse no mundo laboral e , á súa vez, posibilitar que poidan proseguir os seus estudos nas distintas Ensinanzas reguladas na LOXSE e especialmente na Formación Profesional específica de grao medio.

7. ÁMBITO IDEOLÓXICO. Educación personalizada, integral e contextualizada.

Os/as alumnos/as recibirán a formación científica adecuada, xunto coa educación en valores éticos, relixiosos, estéticos, etc. que posibiliten o pleno desenvolvemento da súa personalidade e capacidade para vivir en sociedade. Así mesmo debería proporcionarlles unha relación positiva co seu entorno e o poder de transpasar co seu pensamento o mundo material que o rodea.

7.1. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO.

- 7.1.1. Prioriza-lo desenvolvemento harmónico das dimensións física, intelectual, afectiva, ética e social do alumnado.
- 7.1.2. Conseguir que o/a alumno/a se sinta comprendido/a e atendido/a coma persoa, como realidade educativa concreta.*
- 7.1.3. A oferta educativa, así coma a cualificación profesional e formativa do alumnado debe repercutir sobre a nosa comarca converténdose nun dos motores do seu progreso.
- 7.1.4. Contribuir á conservación e mellora do medio ambiente.
- 7.1.5. Reforza-lo carácter social e interactivo da aprendizaxe e o coñecemento, intentando busca-la conexión coa realidade.
- 7.1.6. Inserta-la acción educativa dentro do contexto socio cultural do alumnado e incorporar nas unidades didácticas obxectivos e contidos relacionados co seu entorno por medio da apertura do centro á bisbarra.

7.2. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.

7.2.1. E.S.O.

- 7.2.1.1. Potencia-la capacidade de observación e curiosidade polos fenómenos científicos, ideolóxicos, crenzas, sucesos mundiais.
- 7.2.1.2. Coñece-las crenzas, actitudes e valores básicos da nosa tradición e patrimonio cultural, valoralos críticamente e elixir aquelas opcións que mellor favorezan o seu desenvolvemento integral como persoas.
- 7.2.1.3. Proporcionarlles unha verdadeira educación sexual que lles permita afrontar-los cambios que conleva a primeira adolescencia.
- 7.2.1.4. Conseguir que todo o proceso educativo axude a todos e cada un dos/as alumnos/as a formarse unha imaxe axustada de si mesmo, das súas características e posibilidades, e a desenvolver actividades de forma autónoma e equilibrada, valorando o esforzo e a superación das dificultades.
- 7.2.1.5. Coñecer e comprende-los aspectos básicos do funcionamento do propio corpo e das consecuencias para a saúde individual e colectiva dos actos e decisións persoais, e valoralos beneficios que supoñen os hábitos do exercicio físico, da hixiene e dunha alimentación equilibrada, así como levar unha vida sá.

7.2.2. BACHARELATO.

- 7.2.2.1. Conseguir que todo o proceso educativo axude ó alumnado de Bacharelato a conseguir unha estabilidade e equilibrio emocional, así como unha maior autonomía e adaptación social.
- 7.2.2.2. Favorece-lo desenvolvemento e afirmación da súa personalidade.
- 7.2.2.3. Potencia-lo pensamento formal, posibilitando os medios que favorezan o intercambio de opinións que lle axuden a darse conta das súas capacidades.
- 7.2.2.4. Estimula-lo contacto coas principais fontes de beleza: a Natureza e a arte, mediante o desenvolvemento da súa capacidade para a contemplación estética e a creación artística.
- 7.2.2.5. Facilitar e potenciar o desenvolvemento moral do adolescente.

8. **ÁMBITO IDEOLÓXICO. Carácter democrático.**

Principio fundamental deste centro será velar para que se respecte o dereito de todos/as e cada un dos membros da comunidade escolar e se garanta a participación de todos/as eles/as na vida do mesmo. Para isto potenciarase a creación de actitudes positivas de convivencia e respecto ós demais, fomentando a axuda, o intercambio e a solidariedade con atención especial a mellora do medio ambiente natural e social do Centro e o seu entorno.

8.1. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO.

- 8.1.1. Ensinar a aprecia-lo valores básicos que rixen a vida e a convivencia humana (participación, solidariedade, tolerancia, respecto...) e crear situacións nas que teñan que intervir dacordo con elas.
- 8.1.2. Propiciar unha comunicación-información entre alumnos/as e profesores/as baseada no diálogo, respecto, aceptación e estima mútuos.
- 8.1.3. Favorece-lo desenvolvemento de actividades que posibiliten a adquisición de actitudes positivas, respecto a hábitos saudables e un adecuado uso do ocio e tempo libre.
- 8.1.4. Favorecer un clima que estimule as realizacións positivas, despertando no/a alumno/a a confianza e a autoestima.
- 8.1.5. Fomenta-lo traballo cooperativo que supere competitividade e o individualismo como actitude negativa e posibilita a apertura de novas vías de estímulos e utilización de recursos moi válidos para a aprendizaxe.

8.2. OBXECTIVOS XERAIS DE ETEPA.

8.2.1. BACHARELATO.

- 8.2.1.1. Conseguir que a vida e actividades do Centro faciliten o establecemento de lazos de amizade e comunicación interpersonal entre os/as alumnos/as dun grupo e os grupos entre si.
- 8.2.1.2. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu entorno social.

9. ÁMBITO METODOLÓXICO. Acción tutorial e orientación.

A acción tutorial cobra neste centro unha importancia fundamental, xa que o titor/a será o responsable último da formación integral do/a alumno/a no ámbito escolar e ademais será o/a encargado/a de establecer a relación entre familiar e escola.

Do titor partirá a potenciación do desenvolvemento dos servizos que inciden nos/as alumnos/as, na súa orientación e na das familias na toma de decisións e contará coa colaboración do departamento de orientación.

9.1. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO.

9.1.1. Potencia-la orientación como axuda no proceso de maduración da personalidade de cada alumno/a concreto e da elección do seu camiño para a vida.

9.1.2. Impulsa-la acción tutorial individual e de grupo para levar a cabo a orientación educativa e profesional, así como as diversificacións e adaptacións curriculares dos/as alumnos/as.

9.2. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.

9.2.1. E.S.O.

9.2.1.1. Senta-las base obxectivas e realistas para a elección dun futuro profesional.

9.2.2. BACHARELATO.

9.2.2.1. Proporcionar ó alumnado unha información e orientación profesional adecuada, de modo que sexa el mesmo quen decida con obxectividade e realismo o seu futuro académico e laboral.

10. ÁMBITO METODOLÓXICO. Participación e colaboración de toda a Comunidade Educativa.

O proceso educativo que pretendemos fundamentarase nunha colaboración estreita entre alumno/a, mestres, pais/nais e persoal non docente.

10.1. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO.

10.1.1. Potenciar todas aquelas actividades escolares e extraescolaresw que favorezan a educación no tempo libre.

10.1.2. Establecer e definir vías de participación operativa e eficaz, fundamentalmente de pais/nais e alumnado.

10.1.3. Fomentar que o alumnado tome conciencia da necesidade de intervir e colaborar pola súa parte na consecución dun sistema de convivencia e orde que facilite a formación e desenvolvemento educativo, de respectar e mellora-las instalacións que usan, así como mellora-lo medio natural que os rodea.

10.1.4. Analiza-los mecanismos básicos que rixen o funcionamento do medio físico e social, valora-las repercusións que sobre el teñen as actividades humanas e contribuír activamente á defensa, conservación e mellora do mesmo como elemento determinante da calidade de vida.

11. ÁMBITO METODOLÓXICO. Educación creativa.

Cultivarase e potenciarase toda conducta espontánea adecuada, primando as manifestacións que teñan un acento persoal e non meramente repetitivo. Estimularase, pois, a curiosidade do/a alumno/a, a súa capacidade de asombro, a tendencia natural a facer preguntas, a descubrir, inventar...

11.1. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO.

- 11.1.1. Selecciona-las técnicas máis adecuadas para favorecer a motivación e a actividade eficaz dos/as alumnos/as.
- 11.1.2. Seleccionar contidos curriculares que sexan interesantes e funcionais para os/as alumnos/as.
- 11.1.3. A acción educativa basearase no uso combinado de técnicas, métodos, procedementos e sistemas de agrupamentos e actividades específicas, se fose preciso, acordos coas necesidades e intereses grupais e individuais do alumnado.
- 11.1.4. Desenvolve-la capacidade de introspección, de reflexión e valoración dos seus propios sentimentos.
- 11.1.5. Desenvolve-la sensibilidade artística e literaria como fonte de formación e enriquecemento cultural.

12. ÁMBITO METODOLÓXICO. Ensinanza activa.

No centro loitarase por unha ensinanza activa e participativa que leve ó/a alumno/a a unha auténtica aprendizaxe significativa. O/a profesor/a asumirá o papel de mediador/a e motivador/a.

12.1. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO.

- 12.1.1. Potencia-las aprendizaxes significativas baseadas nunha memorización comprensiva e non mecánica ou repetitiva.
- 12.1.2. Ensinar a utilizar os coñecementos adquiridos sobre o medio físico e social para resolver problemas na súa experiencia diaria.
- 12.1.3. A todos/as e cada un/unha dos/as profesores/as correspóndelles coordinar e dirixir a actividade escolar do grupo humano que en cada momento ten ó seu cargo e debe exercer esa autoridade no marco dun respecto mutuo entre tódolos membros da comunidade.

12.2. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.

12.2.1. BACHARELATO.

- 12.2.1.1. Comprende-los elementos básicos da investigación e do método científico chegando ó dominio dos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e habilidades básicas propias da modalidade escollida.

13. ÁMBITO METODOLÓXICO. Educación reflexiva e crítica.

A actuación educativa fomentará a reflexión, o senso crítico, a análise, o interese polo saber e o esforzo persoal.

13.1. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO.

13.1.1. Capacitar ós/ás alumnos/as no coñecemento e utilización de técnicas de traballo intelectual para que, de forma progresiva, poidan aprender de maneira cada vez máis autónoma.

13.1.2. Desenvolve-la capacidade de observación crítica e a adquisición de hábitos de traballo individual.

13.1.3. Desenvolver actitudes críticas ante a información suministrada polos distintos medios de comunicación social.

13.1.4. Fomenta-lo espírito crítico do alumnado.

13.2. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.

13.2.1. E.S.O.

13.2.1.1. Posibilita-los cauces adecuados para a expresión dunha crítica positiva e constructiva.

13.2.1.2. Obter e seleccionar información utilizando as fontes nas que habitualmente se encontra dispoñible,

13.2.1.3. Tratala de forma autónoma e crítica, cunha finalidade previamente establecida e tramitila ós demais de maneira organizada e intelixible.

14. ÁMBITO METODOLÓXICO. Traballo en equipo do profesorado.

Fomentarse o traballo en equipo do profesorado, procurando que as actividades estean debidamente coordinadas, fomentando a posta en común e a toma de decisións en equipo e evitando o individualismo

14.1. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO.

14.1.1. Potencia-lo traballo en equipo dos/as profesores/as a través dos departamentos e a formación de equipos de ciclo e de etapa.

15. ÁMBITO METODOLÓXICO. Capacidade de formación e innovación.

O centro fomentará e posibilitará a formación permanente do profesorado, a poder ser en grupo, e este ó igual co resto da comunidade educativa en xeral manterá unha actividade aberta ás innovacións, cambios e requirimentos que partan de distintos ámbitos da sociedade e institucións culturais, científicas, artísticas, tecnolóxicas, etc...

15.1. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO.

15.1.1. Favorece-la integración do profesorado nos proxectos de innovación que se leven a cabo no Centro.

15.1.2. Facilita-lo desenvolvemento das aptitudes e cualidades profesionais e persoais de tódolos/as profesores/as.

- 15.1.3. Proporcionar ó profesorado os medios e condicións que lle permitan desenvolver unha acción educativa de calidade.
- 15.1.4. Posibilita-la acción investigadora do profesorado coa finalidade de mellorar ou modifica-la práctica educativa.
- 15.1.5. Proporcionar ó profesorado tódolos recursos ó alcance das institucións para a súa reciclaxe e perfeccionamento.
- 15.1.6. Apertura, valoración e promoción do coñecemento e aplicación de novos avances tecnolóxicos na función docente.

16. ÁMBITO ORGANIZATIVO E DE XESTIÓN. Apertura ó entorno.

O centro potenciará procesos de participación e colaboración dos diversos membros da comunidade educativa, institucións, organizacións e empresas públicas ou privadas do entorno que poidan favorecer a consecución de obxectivos educativos. Esta colaboración deberá estar exenta de interferencias negativas nas programacións ordinarias do centro, de promoción persoal ou de entidades, así como de instrumentalización de alumnos/as con fins comerciais.

16.1. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO.

- 16.1.1. Potencia-las asociacións de pais e as de alumnos/as como medios de analizar inquietudes, problemas e espírito de colaboración na dinámica do Centro.
- 16.1.2. Manter relacións de colaboración e apoio con outras institucións, tanto educativas coma sociais, culturais, laborais, etc.
- 16.1.3. Relacionarse e colaborar na incorporación e actualización tecnolóxica con empresas e institucións da bisbarra.
- 16.1.4. Xestionar e procurar recursos económicos, materiais e persoais en colaboración coas APAS, institucións e entidades do entorno.
- 16.1.5. Fomenta-la colaboración, convivencia e respecto entre os distintos membros da comunidade educativa, promovendo a formación de grupos, organización de actividades, convenios, etc, na que se integren tódolos axentes e estamentos que posibiliten a apertura, inserción e un funcionamento do Centro realmente contextualizado.

17. ÁMBITO ORGANIZATIVO DE XESTIÓN. Xestión participativa do centro.

O goberno e a xestión do centro serán transparentes e abertos á participación do Consello Escolar, Claustro de profesores/as e outras institucións da comunidade educativa.

Xestión democrática e participativa onde pais/nais, profesores/as., alumnos/as e persoal non docente colaboren de forma real e efectiva na vida e funcionamento do centro, respectando as leis e normas aprobadas.

17.1. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO.

Estimular ó profesorado para que participe activamente na marcha e funcionamento do Centro, integrándose nos diversos árganos de xestión establecidos para isto.

- 17.1.1. Regula-los cauces de participación na xestión e funcionamento do Centro a través dunha dinámica de actuación cooperativa e motivadora fronte á impositiva e burocrática.
- 17.1.2. Posibilitar a creación de comisións activas, que dinamicen a estrutura organizativa do Centro.
- 17.1.3. Distribuir funcións e competencias para así poder conseguir unha xestión verdadeiramente participativa.
- 17.1.4. Potencia-la máxima rendabilidade na utilización harmónica das instalacións pola comunidade educativa.

5

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

5. REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO.

5A. DEREITOS E DEBERES DOS ALUMNOS. NORMATIVA LEGAL.

5A1) DOS DEREITOS DOS ALUMNOS.

Artigo 10

- 1.- Tódolos membros da comunidade educativa están obrigados ó respecto dos dereitos que se establecen no presente Real Decreto.
- 2.- exercicio dos seu dereitos por parte dos alumnos implicará o recoñecemento e respecto dos dereitos de tódolos membros da comunidade educativa.

Artigo 11

- 1.- Os alumnos teñen o dereito a recibir unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade.
- 2.- A formación a que se refire o apartado anterior axustarase ós fins e principios contidos nos artigos 1 e 2 da Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, da Ordenación Xeral do Sistema Educativo.
- 3.- pleno desenvolvemento da personalidade do alumno esixe unha xornada de traballo escolar acomodada á súa idade e unha aplicación equilibrada das súas actividades de estudo.

Artigo 12

- 1.- No marco do Título V da Lei Orgánica de Ordenación do Sistema Educativo, sobre compensación de desigualdades na educación, tódolos alumnos teñen dereito ás mesmas oportunidades de acceso ós distintos niveis de ensino. Nos niveis non obrigatorios non haberá máis limitacións cas derivadas do seu aproveitamento ou das súas aptitudes para o estudo.
- 2.- A igualdade de oportunidades promoverase mediante:
 - a) A non discriminación por razón de nacemento; raza; sexo; capacidade económica; nivel social; conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas ou calquera outra condición o circunstancia persoal ou social.
 - b) establecemento das medidas compensatorias que garanticen a
 - a) igualdade real e efectiva de oportunidades.
 - c) A realización de políticas educativas de integración e de educación
 - a) especial.
- 3.- Os centros desenvolverán as iniciativas que eviten a discriminación dos alumnos, porán especial atención no respecto ás normas de convivencia e establecerán plans de acción positiva para garantir a plena integración de tódolos alumnos do centro.

Artigo 13

- 1.- Os alumnos teñen dereito a que o seu rendimento escolar sexa avaliado con plena obxectividade.
- 2.- Co fin de garantir o dereito á avaliación con criterios obxectivos os centros deberán facer públicos os criterios xerais que vanse aplicar para a avaliación das aprendizaxes e a promoción dos alumnos.
- 3.- A fin de garantir a función formativa que ten que ter a avaliación e lograr unha mais grande eficacia no proceso de aprendizaxe dos alumnos, os titores e os profesores mantendrán unha comunicación fluida con eles e os seus pais no relativo ás valoracións sobre o aproveitamento académico dos alumnos a marcha do seu proceso de aprendizaxe, así como acerca das decisións que se adopten como consecuencia do devandito proceso.
- 4.- Os alumnos e os seus pais ou titores poderán reclamar contra as decisións e calificacións que, como resultado do proceso de avaliación, se adopten ó finalizar un ciclo ou curso. Dita reclamación deberá basearse na inadecuación da proba proposta ó alumno en relación cos obxectivos ou contidos da área o materia sometida a avaliación e co nivel previsto na programación, o na incorrecta aplicación dos criterios de avaliación establecidos.
- 5.- A Administración educativa establecerá o procedemento para a formulación e tramitación das reclamacións contra as calificacións e decisións que, como consecuencia do proceso de avaliación, se adopten ó final dun ciclo ou curso.

Artigo 14

- 1.- Tódolos alumnos teñen dereito a recibir orientación escolar e profesional para acadar o máximo desenvolvemento persoal, social e profesional, segundo as súas capacidades, aspiracións e intereses.
- 2.- De maneira especial, cuidarase a orientación escolar e profesional dos alumnos con discapacidade física, sensorial e psíquica, ou con carencias sociais e culturais.
- 3.- A orientación profesional basearase unicamente nas aptitudes e aspiracións dos alumnos e excluírá toda diferenciación por razón de sexo. A Administración educativa e os centros desenvolverán as medidas compensatorias necesarias para garantir a igualdade de oportunidades nesta materia.
- 4.- Para facer efectivo o dereito dos alumnos á orientación escolar e profesional, os centros recibirán os recursos e o apoio necesario da Administración educativa que poderá promover a tal fin a cooperación con outras Administracións e institucións.
- 5.- Os centros que impartan educación secundaria, formación profesional de grado superior e ensinanza artística relacionaranse cas institucións ou empresas públicas e privadas do entorno, a fin de facilitar ós alumnos o coñecemento do mundo do emprego e a preparación profesional que haberán de adquirir para acceder a el. Ademais estes centros poderán incluír na súa programación xeral anual as correspondentes visitas ou actividades formativas.

Artigo 15

- 1.- Tódolos alumnos teñen o dereito a que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.

Artigo 16

- 1.- Os alumnos teñen dereito a que se respecte a súa liberdade de conciencia, as súas conviccións relixiosas, morais ou ideolóxicas, así como a súa intimidade no que respecta as devanditas crencias ou conviccións.
- 2.- No marco do establecido na Lei Orgánica reguladora do Dereito á Educación e na Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, o dereito a que se refire o apartado anterior garantese mediante:
 - a) A información, antes de formalizar a matrícula, sobre o proxecto educativo ou sobre o carácter propio do centro.
 - b) O fomento da capacidade e actitude crítica dos alumnos que posibilite ós mesmos a realización de opcións de conciencia en liberdade.
 - c) A elección por parte dos alumnos ou dos seus pais o tutores, se aqueles son menores de idade, da formación relixiosa o moral que resulte acorde cas súas crencias ou conviccións, sen que desta elección poda derivarse discriminación algunha.

Artigo 17

- 1.- Tódolos alumnos teñen dereito a que se lles respecte a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal, non podendo ser obxecto, en ningún caso, de tratos vexatorios ou degradantes.

Artigo 18

- 1.- Os centros docentes estarán na obriga de gardar reserva sobre toda aquela información de que dispoñan acerca das circunstancias persoais e familiares do alumno. Non obstante, os centros comunicarán á autoridade competente as circunstancias que poidan implicar malos tratos para o alumno ou calquera outro incumprimento dos deberes establecidos polas leis de protección dos menores.

Artigo 19

- 1.- Os alumnos teñen dereito a participar no funcionamento e na vida dos centros, na actividade escolar e na xestión dos mesmos, de acordo co disposto na Lei Orgánica reguladora do Dereito á Educación e nos respectivos Regulamentos orgánicos.
- 2.- A participación dos alumnos no Consello Escolar do Estado, en Consellos Escolares Territoriais e nos Consellos Escolares dos centros, e noutros órganos de goberno que, no seu caso, se establezan, realizarase dacordo coas disposicións vixentes ó respecto.

Artigo 20

- 1.- Os alumnos teñen dereito a eleixir, mediante sufraxio directo e secreto, ós seus representantes no Consello Escolar e ós delegados de grupo nos términos establecidos nos correspondientes Regulamentos orgánicos dos centros.

Artigo 21

- 1.- As xuntas de delegados terán as atribucións, funcións e dereitos que lles asignen os correspondentes Regulamentos orgánicos.

Artigo 22

- 1.- Os delegados no poderán seren sancionados polo exercicio das súas funcións como voceiros dos alumnos, nos termos da normativa vixente.
- 2.- Os membros da Xunta de delegados en exercicio das súas funcións terán dereito a coñecer e a consultar as actas das sesións do Consello Escolar e calquera outra documentación administrativa do centro que lles afecte, agás aquela cal a súa difusión puidera afectar ó dereito á intimidade das persoas ou ó normal desenrolo dos procesos de avaliación académica.
- 3.- O Xefe de estudos facilitará á Xunta de delegados un espacio adecuado para que poida celebra-las súas reunións e os medios materiais necesarios para o seu correcto funcionamento.

Artigo 23

- 1.- Os alumnos teñen dereito a asociarse, creando asociacións, federacións e confederacións de alumnos, que poderán recibir axudas, todo ilo nos termos previstos na lexislación vixente. Igualmente, teñen dereito a constituir cooperativas nos termos previstos na Lei 3/87, de 2 de abril, Xeral de Cooperativas.

Artigo 24

- 1.- Os alumnos poderán asociarse unha vez rematada a súa relación co centro, ó término da súa escolarización en entidades que reúnan ós antigos alumnos e colaborar a través delas no desenrolo das actividades do centro.

Artigo 25

- 1.- Os alumnos teñen dereito a seren informados polos membros da xunta de delegados e polos representantes das asociacións da alumnos tanto das cuestións propias do seu centro como das que afecten a outros centros docentes e o sistema educativo en xeral.

Artigo 26

- 1.- Os alumnos teñen dereito á liberdade de expresión sen prexuício dos dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o respecto que merecen as institucións dacordo cos principios e dereitos constitucionais.

Artigo 27

- 1.- Os alumnos teñen dereito a manifesta-la súa discrepancia respecto ás decisións educativas que lles afecten. Cando a discrepancia revista carácter colectivo, a mesma será canalizada a través dos representantes dos alumnos na forma establecida na normativa vixente.

Artigo 28

- 1.- Nos termos previstos no artigo 8 da Lei Orgánica Reguladora do dereito á Educación, os alumnos poderán reunirse nos seus centros docentes para actividades de carácter escolar ou extraescolar que formen parte do proxecto educativo de centro, así como para aquelas outras ás que poida atribuírselle unha finalidade educativa ou formativa.
- 2.- Os Directores dos centros garantirán o exercicio do dereito de reunión dos alumnos dentro do horario do centro. Os Regulamentos de réxime interior dos centros establecerán o horario que se reserve ó exercicio deste dereito. Dentro das atribucións de dirección e coordinación que lles confire a Lei Orgánica 8/1985, de 3 de julio, reguladora do Dereito á Educación, os órganos competentes dos centros facilitarán o uso dos locais e a súa utilización para o exercicio do dereito de reunión.

Artigo 29

- 1.- Os alumnos teñen dereito a utilizaren as instalacións dos centros cas limitacións derivadas da programación de actividades escolares e extraescolares e cas precaucións necesarias en relación ca seguridade das persoas, a adecuada conservación dos recursos e o correcto destino dos mesmos.

Artigo 30

- 1.- Os alumnos teñen dereito a participaren en calidade de voluntarios, nas actividades dos centros docentes.

Artigo 31

- 1.- Os alumnos teñen dereito a percibi-las axudas precisas para compensar posibles carencias de tipo familiar, económico e sociocultural, de forma que se promueva o seu dereito de acceso ós distintos niveis educativos.
- 2.- A Administración educativa garantizará este dereito mediante unha política de becas e os servicios de apoio axeitados ás necesidades dos alumnos.
- 3.- A administración educativa establecerá ás medidas oportunas para compatibilizar a continuación dos estudos co servizo militar ou a prestación social sustitutoria na medida en que estes o permitan.
- 4.- Os alumnos forzados a un traslado obrigatorio do lugar de residencia habitual recibirán asimesmo especial atención.
- 5.- Os centros docentes manterán relacións con outros servizos públicos e comunitarios para atender as necesidades de tódolos alumnos e especialmente dos desfavorecidos socioculturalmente e economicamente.

Artigo 32

- 1.- Nas condicións académicas e económicas que se establezan, os alumnos que padezan infortunio familiar terán a protección social oportuna para que aquel non determine a imposibilidade de continuar e finalizar os estudos que se atopen cursando.
- 2.- A protección social a que se refire o apartado anterior comprenderá o establecemento dun axeitado réxime de becas e, no seu caso, a adxudicación de prazas en residencias estudiantís.
- 3.- En función das dispoñibilidades presupostarias, os poderes públicos promoverán a concesión de axudas a familias que acollan alumnos acredores de protección social.
- 4.- Os alumnos terán cuberta a asistencia médica e hospitalaria e gozarán de cobertura sanitaria nos termos previstos na lexislación vixente.
- 5.- Nos casos de accidente ou enfermidade prolongada, os alumnos terán dereito á axuda precisa xa sexa a través da orientación requerida, material didáctico e as axudas necesarias, para que o accidente ou enfermidade non supoña detrimento do seu rendimento escolar.

Artigo 33

- 1.- Cando non se respecten os dereitos dos alumnos, ou cando calquera membro da comunidade educativa impida o efectivo exercicio dos devanditos dereitos, o órgano competente do centro adoptará as medidas que procedan conforme ó disposto na lexislación vixente, previa audiencia dos interesados e consulta, no seu caso, ó consello Escolar do centro.

Artigo 34

- 1.- No Regulamento de réxime interno dos institutos que impartan ensinanzas en réxime nocturno terase en conta esta circunstancia cando se trate de fixar os criterios que puideran dar lugar a nuha valoración axeitada da inasistencia a clase dos alumnos, ós efectos de fixar as correccións nos termos a que se refire o artigo 43.

5A2) DOS DEBERES DOS ALUMNOS

Artigo 35

- 1.- estudio constitúe un deber básico dos alumnos e concrétase nas seguintes obrigas:
- a) Asistir a clase con puntualidade e participar nas actividades orientadas
 - b) ó desenrolo dos plans de estudio.
 - c) Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenrolo das
 - d) actividades do centro.
 - e) Seguir as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e consideración.
 - f) Respectar o exercicio do dereito ó estudio dos seus compañeiros.

Artigo 36

- 1.- Os alumnos deberán respectar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de tódolos membros da comunidade educativa.

Artigo 37

- 1.- Constitúe un deber dos alumnos a non discriminación de ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, ou por calquera outra circunstancia persoal ou social.

Artigo 38

- 1.- Os alumnos deben respectar o proxecto educativo e o carácter propio do centro, dacordo ca lexislación vixente.

Artigo 39

- 1.- Os alumnos deben coidar e utilizar correctamente os bens inmobles e as instalacións do centro e respectar as pertencencias dos outros membros da comunidade educativa.

Artigo 40

- 1.- Os alumnos teñen o deber de participar na vida e funcionamento do centro.

5B. NORMAS DE CONVIVENCIA DO INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DE MOS

Prefacio

O presente Regulamento desenvolve as normas de actuación e funcionamento da Comunidade Escolar do Instituto de Ensino Secundario de Mos (I.E.S. de Mos), sito no Concello do mesmo nome, da provincia de Pontevedra.

Principios e Soporte legal

Os principios que inspiran o presente Regulamento están subordinados ó respecto debido á natureza e dignidade das persoas singulares que compoñen este Centro Educativo, nesta fase de perfeccionamento das súas capacidades e aptitudes. Espérase que estas normas sexan garantes para que as relacións entre os distintos membros se desenvolvan dentro dun sistema convivencial e de elaboración participativa.

O soporte legal deste documento susténtase na Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito a Educación, e no Real Decreto 732/1995, do 5 de maio, B.O.E. do 2 de xuño de 1.995, que establece os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros.

Xustifica, polo tanto, a existencia da presente Normativa a necesidade, manifestada por tódolos colectivos representados no Consello Escolar, de tipificar e concretar algúns aspectos xa recollidos na referida Lei, na idea dunha aplicación máis áxil e xusta, se cabe.

• I Do Instituto

PUNTO PRIMEIRO

O ámbito de aplicación deste Regulamento é o que corresponde ó propio Instituto.

PUNTO SEGUNDO

O presente regulamento é de obrigado cumprimento para tódolos alumnos matriculados no Instituto. Así mesmo, para o persoal docente, persoal non docente e persoal laboral que conste no cadro de persoal; sen prexuízo dos dereitos e obrigas que as leis de rango superior teñan contemplado.

• II Dos Dereitos dos alumnos

PUNTO TERCEIRO

O REAL DECRETO 732/1995, de 5 de Maio, B.O.E. 02-06-95, establece os seguintes dereitos dos alumnos:

- a)* Dereito a recibir información que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade. (Título II. Artigo 11.1)
- b)* Dereito ás mesmas oportunidades de acceso ós distintos niveis do ensino. (Título II. Artigo 12.1)
- c)* Dereito a que o seu rendemento escolar sexa avaliado con plena obxectividade. (Título II. Artigo 13.1)
- d)* Dereito a recibir orientación escolar e profesional para conseguir o máximo desenvolvemento persoal, social e profesional, segundo as súas capacidades, aspiracións e intereses. (Título II. Artigo 14.1)

- e) Dereito a que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene. (Título II. Artigo 15)
- f) Dereito a que se respecte a súa liberdade de conciencia, conviccións relixiosas, morais ou ideolóxicas, así como a súa intimidade en relación coas mesmas. (Título II. Artigo 16.1)
- g) Dereito a que se respecte a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal. (Título II. Artigo 17)
- h) Dereito a intimidade. (Título II. Artigo 18)
- i) Dereito a participar no funcionamento e na vida do centro, na actividade escolar e na xestión do mesmo. (Título II. Artigo 19.1)
- j) Dereito a elixir, mediante sufraxio directo e secreto, ós seus representantes. (Título II. Artigo 20)
- k) Dereito a asociarse e a constituír cooperativas. (Título II. Artigo 23)
- l) Dereito a ser informados pola Xunta de Delegados e polos representantes das asociacións de alumnos das cuestións do centro e doutras que lles afecten. (Título II. Artigo 25)
- m) Dereito a liberdade de expresión respectando os dereitos dos demais. (Título II. Artigo 26)
- n) Dereito a manifesta-la súa discrepancia respecto ás decisións educativas que lles afecten. (Título II. Artigo 27)
- o) Dereito de reunión nos centros docentes para actividades de carácter escolar e extraescolar. (Título II. Artigo 28)
- p) Dereito a utilizar as instalacións do centro. (Título II. Artigo 29)
- q) Dereito a participar en calidade de voluntarios nas actividades dos centros. (Título II. Artigo 30)
- r) Dereito a percibi-las axudas precisas para compensa-las súas carencias (becas, servicios de apoio, servicio militar ou prestación social, ...). (Título II. Artigo 31.1)
- s) Dereito a protección social oportuna (becas, prazas en residencias, ...) e a asistencia médica e hospitalaria (coberta polo seguro escolar). (Título II. Artigo 32)

• III Das obrigas dos Alumnos

PUNTO CUARTO

O estudo constitúe un deber básico do alumno e concrétase nas seguintes obrigas, (Título III. Artigo 35):

- a) Asistir a clase con puntualidade. (Título III. Artigo 35.a.)
- b) Participar nas actividades orientadas o desenvolvemento dos plans de estudos. (Título III. Artigo 35.a.)
- c) Cumprir e respecta-los horarios de tódalas actividades do centro. (Título III. Artigo 35.b.)
- d) Segui-las orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe. (Título III. Artigo 35.c.)
- e) Mostrarlle o debido respecto e consideración ós profesores e demais membros da comunidade educativa. (Título III. Artigo 35.c.)

- f) Respeitar o exercicio do dereito ó estudio dos compañeiros. (Título III. Artigo 35.d.)
- g) Respeita-la liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de tódolos membros da comunidade educativa. (Título III. Artigo 36)
- h) Non discriminar a ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza ou sexo ou por calquera outra circunstancia persoal ou social. (Título III. Artigo 37)
- i) Respeitar-lo Proxecto Educativo de Centro (P.E.C.) e o carácter propio do centro. (Título III. Artigo 38)
- j) Coidar e utilizar correctamente os bens mobles e as instalacións do centro, segundo o recollido no Anexo I. (Título III. Artigo 39). (Véxase páxina 16).
- k) Respeita-las pertenzas doutros membros da comunidade educativa. (Título III. Artigo 39)
- l) Participar na vida e funcionamento do centro. (Título III. Artigo 40)

PUNTO QUINTO

Obriga de respecta-las normas de convivencia do Instituto, segundo o recollido no Anexo II do presente regulamento. (Véxase páxina 17)

• IV Das Conductas Contrarias ás Normas de Convivencia

PUNTO SEXTO

Constitúen conductas contrarias ás normas de convivencia as seguintes:

- cc.01) A falta inxustificada de puntualidade.
- cc.02) A falta inxustificada de asistencia a clase, segundo o recollido no Anexo III. (Véxase páxina 18)
- cc.03) O deterioro ou o mal uso, leve, pero intencionado, do material ou instalación do Instituto ou de particulares.
- cc.04) Abandonar o recinto escolar en horas lectivas sen autorización.
- cc.05) A reiterada falta de atención ás explicacións do profesor.
- cc.06) Provocar molestias ós compañeiros e interrompirlle a atención ás explicacións do profesor.
- cc.07) Molestar ó profesor ou impedirlle da-las explicacións.
- cc.08) Sen causa xustificada, asistir ás clases reiteradamente sen o material necesario ou sen realizar aquelas tarefas, exercicios ou deberes que o profesor houbese andado realizar.
- cc.09) Inxerir alimentos sólidos ou líquidos nas aulas.
- cc.10) Abandonar o seu posto na aula reiteradamente e sen permiso.
- cc.11) Tira-lo lixo ó chan.
- cc.12) Tirar lixo ou obxectos a través das ventás.

- cc.13) Subir ás ventás ou saír a través delas.
- cc.14) Xogar nas instalacións do Centro que non sexan especificamente destinadas a iso.
- cc.15) Incumprir os horarios das actividades programadas polo Centro, tanto se leven a cabo nel coma fora del.
- cc.16) Presencia inxustificada nos corredores, biblioteca, bar ou instalacións deportivas en horas de clase.
- cc.17) A falta de respecto a compañeiros, profesores ou persoal non docente.
- cc.18) Non entregar ós pais ou titores as comunicacións oficiais.
- cc.19) Os actos de indisciplina, ou ofensa leve contra membros da comunidade educativa.
- cc.20) Substraer, romper ou manipular o parte de clase.
- cc.21) Manipular aparatos de audiovisuais, talleres e laboratorios sen permiso do profesor.
- cc.22) Negarse a saír ó encerado, negarse a ler, negarse a contestar ás preguntas do profesor, mostrando unha actitude negativa e provocadora.
- cc.23) Traer persoas alleas á clase ou ás actividades que se organicen.
- cc.24) Entrar á clase con animais ou obxectos que perturben o desenvolvemento dela.
- cc.25) Salvo permiso expreso, non se pode permanecer nos corredores e nas aulas durante o recreo.
- cc.26) Permanecer no centro fóra do período lectivo sen permiso.
- cc.27) Saír das aulas entre clase e clase sen causa xustificada.
- cc.28) Permanecer, sen permiso na cafetería en horas de clase.
- cc.29) Destrozo de elementos decorativos, plantas, papeleiras, (nos xardíns, zonas de recreo ou no interior do edificio), intencionadamente, por negligencia ou motivado polo incumprimento de normas.
- cc.30) Permanecer en despachos, seminarios, sala de profesores, etc, cando non se atope ninguén nelas.
- cc.31) Non dirixirse ó Xefe de Estudos ou ó profesor de garda en caso de expulsión.
- cc.32) Utilizar o ascensor sen permiso ou manipular o seu mecanismo.
- cc.32) Manexar chaves de dependencias do Instituto sen permiso da Dirección, Profesorado ou Conserxes, segundo o caso.

Nota: Levar consigo drogas ou comerciar con elas ou consumilas tipifícase como conducta gravemente prexudicial para a convivencia do Centro.

PUNTO SÉTIMO

As correccións a estas condutas serán as seguintes:

- a)* Amoestación privada ou por escrito.
- b)* Comparecencia inmediata diante do Xefe de Estudos.
- c)* Realizacións de traballos específicos no horario non lectivo.
- d)* Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenrolo das actividades do centro ou, se procede, dirixidas a repara-lo dano causado ás instalacións ou ó material do centro ou ás pertenzas doutros membros da comunidade educativa.
- e)* Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro.
- f)* Cambio de grupo do alumno por un prazo máximo dunha semana.
- g)* Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un prazo máximo de 3 días. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno deberá realiza-los deberes e traballos que se determinen para evita-la interrupción no proceso formativo.
- h)* Suspensión do dereito de asistencia ó centro por un prazo máximo de 3 días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión ó alumno deberá realiza-los deberes e traballos que se determinen para evita-la interrupción no proceso formativo.

PUNTO OITAVO

Serán competentes para decidi-las correccións previstas no artigo anterior:

- a)* Os profesores do alumno, oído este, as correccións que se establecen nos parágrafos a) e b), dando conta ó titor e ó xefe de estudos.
- b)* O titor do alumno, oído o mesmo, as correccións que se establecen nos parágrafos a), b), c) e d).
- c)* O xefe de estudos e o Director, oído o alumno e o seu profesor ou titor, as correccións previstas nos parágrafos b), c), d) e f).
- d)* O Consello Escolar, oído o alumno, as establecidas nos parágrafos g) e h), se ben poderá encomendar ó Director do Centro a decisión correspondente a tales correccións. O director, oído o titor e o equipo directivo, tomará a decisión tras oír ó alumno e, se é menor de idade, ós seus pais ou representantes legais, nunha comparecencia da que se levantará acta. O director aplicará a corrección do apartado h) sempre que a conduta do alumno dificulte o normal desenvolvemento das actividades educativas, debendo comunicar inmediatamente á Comisión de convivencia.

PUNTO NOVENO

As conductas contrarias ás normas de convivencia no centro prescribirán no prazo dun mes, contado a partir da data da súa comisión. As correccións impostas prescribirán a finalización do curso escolar.

• V Das Conductas Gravemente Prexudiciais para a Convivencia do Centro

PUNTO DÉCIMO

Non poderán correxirse estas conductas sen a previa instrucción dun expediente que, trala recollida da información necesaria, acorde o Director do Centro, ben pola súa iniciativa ou ben a proposta do Consello Escolar.

PUNTO DÉCIMO PRIMEIRO

Considéranse conductas gravemente prexudiciais para a convivencia do Centro:

- a)* Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensas graves contra os membros da comunidade educativa.
- b)* A reiteración nun mesmo curso escolar, de conductas contrarias ás normas de convivencia.
- c)* A agresión ou discriminación grave, física ou moral, contra os demais membros da comunidade educativa.
- d)* A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación ou substración de documentos académicos.
- e)* Os danos causados por uso indebido ou intencionadamente nos locais, material ou documentación do centro ou nos bens doutros membros da comunidade educativa.
- f)* Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro.
- g)* As actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación ás mesmas.
- h)* O incumprimento das sancións impostas.

PUNTO DÉCIMO SEGUNDO

Estas conductas poderán ser corrixidas con:

- a)* Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro ou, se procede, dirixidas a repara-lo dano causado. Estas tarefas deberanse realizar en horario non lectivo.
- b)* Suspensión do dereito de participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro.
- c)* Cambio de grupo.
- d)* Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases durante un período superior a 5 días e inferior a 2 semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno deberá realiza-los deberes ou traballos que se lle determinen.

- e) Suspensión do dereito de asistencia ó centro durante un período superior a 3 días e inferior a 1 mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno deberá realiza-los deberes ou traballos que se lle determinen.
- f) Cambio de centro.

PUNTO DÉCIMO TERCEIRO

O Consello Escolar impondrá estas correccións.

PUNTO DÉCIMO CUARTO

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro prescribirán no prazo de 4 meses, contados a partir da data da súa comisión. As correccións impostas como consecuencia destas condutas prescribirán ó remate do curso escolar.

• V Do Expediente Disciplinario

PUNTO DÉCIMO QUINTO

- 1.- A instrucción do expediente levarase a cabo por un profesor do centro designado polo Director. Dita incoación comunicarase ós pais do menor.
- 2.- O alumno e, no seu caso, os seus pais poderán recusar ó instructor ante o Director cando da súa conduta ou manifestacións poda inferirse falta de obxectividade na instrucción do expediente.
- 3.- Excepcionalmente, ó iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrucción, o Director, por decisión propia ou a proposta, no seu caso, do instructor, poderá adoptar-las medidas provisionais que estime convenientes. As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal de grupo ou na suspensión do dereito de asistencia ó centro ou a determinadas clases ou actividades por un período que non sexa superior a 5 días. As medidas adoptadas comunicaranse ó Consello Escolar, que poderá revocalas.

PUNTO DÉCIMO SEXTO

- 1.- A instrucción do expediente deberá acordarse nun prazo non superior ós 10 días, dende que se tivo coñecemento dos feitos ou condutas merecedoras de corrección.
- 2.- Instruído o expediente darase audiencia ó alumno e, se é menor de idade, ademais ós pais, comunicándolles en todo caso as condutas que se lle imputan e as medidas de corrección que se lle propoñen ó Consello Escolar do centro.
- 3.- O prazo de instrucción do expediente non deberá exceder de 7 días.
- 4.- Comunicarase ó Servicio de Inspección Técnica o inicio do procedemento e manterao informado da tramitación ata a súa resolución.

PUNTO DÉCIMO SÉTIMO

A resolución do procedemento deberá producirse no prazo máximo dun mes dende a data de inicio do mesmo e contra a resolución do Consello Escolar poderá interpoñerse recurso ordinario ante o Director provincial.

• VII Da Gradación das Correccións

PUNTO DÉCIMO OITAVO

A efectos de gradación das correccións:

1.- Consideraranse circunstancias paliativas ou atenuantes:

- a) O recoñecemento espontáneo da súa conducta incorrecta.
- b) A falta de intencionalidade.

1.- Consideraranse circunstancias acentuantes:

- a) A premeditación e a reiteración.
- b) Causar dano, inxuria ou ofensa ós compañeiros de menor idade ou os recién incorporados no centro.
- c) Calquera acto que atente contra o dereito a non discriminación por razón de nacemento; raza; sexo; capacidade económica; nivel social; conviccións políticas; morais ou relixiosas, así coma por discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

• VIII Da Comisión de Convivencia

PUNTO DÉCIMO NOVENO

1.- Dentro do Consello Escolar do Instituto, créase unha "Comisión de Convivencia", presidida polo Director e composta por 2 profesores, 2 pais e 2 alumnos elixidos polo sector correspondente.

2.- As funcións principais de dita comisión serán as de resolver e mediar nos conflitos plantexados e canaliza-las iniciativas de tódolos sectores da comunidade educativa para mellora-la convivencia. Todo isto ós efectos de garantir unha aplicación correcta destas Normas de Convivencia.

IX Da Vixencia deste Documento

PUNTO DUODÉCIMO

O presente documento ten un carácter provisional xa que ten que ser ampliado. Entrará en vigor dende o mesmo momento da súa aprobación polo Consello Escolar, e ata que se aprobe, por este mesmo órgano, o documento das Normas de Convivencia do Centro I.E.S. de Mos perfectamente completado.

ANEXO I

Desenvolve o PUNTO CUARTO apartado "j" (Véxase páxina 6)

N. Conviv.

Co obxecto de mante-la aula máis limpa e conserva-lo mobiliario e instalacións do Instituto nun estado axeitado, establécense as seguintes normas:

- a) As mesas deben permanecer aliñadas na orde preestablecida.
- b) Rematada a última clase do día, cada alumno colocará o seu asento enriba da mesa respectiva.
- c) Nos talleres, laboratorios e demais dependencias de características especiais, as máquinas, aparatos e material utilizado, quedarán perfectamente recollidos e en disposición de seren utilizados polo grupo seguinte.

- d)* Pregase apaga-la luz da aula ó remata-la última clase, ou durante as mesmas de non ser necesaria.
- e)* Todo dano intencionado en materiais ou instalacións, será abonado polas persoas causantes. Caso de non responsabilizarse ningún, os danos poderán ser pagados polo colectivo correspondente.
- f)* É obrigado cumprí-las normas propias dos laboratorios, talleres, ximnasio e aquelas dependencias de características especiais.

ANEXO II

Desenvolve o PUNTO QUINTO (Véxase páxina 6)

De obrigado cumprimento para tódolos integrantes da Comunidade Educativa do Instituto, e demais persoas que eventualmente accedan ó mesmo:

- a)* Adoptarase en todo momento unha actitude digna e unha linguaxe respectuosa e correcta para con tódolos membros da comunidade escolar, dentro e fora do recinto escolar.
- b)* As instrucións dos conserxes e demais persoal da administración e servicios, emanadas da Dirección do Centro, serán cumprimentadas e respectadas.

ANEXO III

Desenvolve o PUNTO SEXTO Apartado cc.02 (Véxase páxina 7)

- 1.-** Tódalas faltas de asistencia serán xustificadas mediante escrito ante o profesor titor do grupo, polo pai, nai ou responsable legal do alumno, no prazo de 3 días contados a partir da súa incorporación á clase.
- 2.-** Son faltas xustificables, (non obxecto de corrección), as seguintes:
 - a)* Enfermidade.
 - b)* b) Deber inescusable (tramitación de documentos oficiais, D.N.I., pasaporte, comparecencias xurídicas, etc).
 - c)* c) As faltas de asistencia illadas, puntuais ou accidentais de tipo doméstico (quedar durmido, perde-lo autobús, etc).
 - d)* d) Accidentes.
- 3.-** Non son faltas xustificables (obxecto de corrección), as seguintes:
- 4.-** A reiterada falta de asistencia ou puntualidade.
- 5.-** A falta de asistencia á clase a causa de ter algún exame ou proba nas horas lectivas próximas.
- 6.-** A falta reiterada de asistencia ou puntualidade que, aínda con consentimento dos pais ou titores, non sexa por unha causa ineludible.
- 7.-** O profesor titor do alumno adoptará as correccións oportunas no caso das faltas inxustificadas.
- 8.-** Os alumnos que non xustifiquen 8, 6 ou 4 faltas de asistencia á clase, nas disciplinas de 4, 3, e 2 horas semanais, respectivamente, perderán o dereito á avaliación contínua; aínda que poderán face-las probas que o Seminario correspondente determine.

6

ORGANIZACIÓN DO CENTRO

6 ORGANIZACIÓN DO CENTRO.

Os Órganos de Goberno do I.E.S. de Mos son os Unipersonais e os Colexiados.

6.A. ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSONAIS.

Os órganos de goberno unipersonais son: Director/a, Xefa/e de Estudos, Secretaria/o e Vicedirector/a.

Os obxetivos dos órganos de goberno serán velar porque as actividades dos Centros públicos se desenrolen conforme ós principios constitucionais, garantizando a neutralidade ideolóxica e o respecto das opcións relixiosas e morais dos pais no referente á educación dos seus fillos. Así mesmo velarán pola efectiva realización dos fins da educación e pola millora da calidade do ensino. - Distribución de competencias

DIRECTOR/A

As súas competencias serán:

- a) Ostentar a representación do Instituto e representar oficialmente á Administración educativa no Instituto, sen perxucio das atribucións das demais autoridades educativas.
- b) Cumprir e facer cumprir as leises e demais disposicións vixentes.
- c) Dirixir e coordinar todas as actividades do Instituto dacordo cas disposicións vixentes, sen perxucio das competencias do Consello Escolar.
- d) Exercer a xefatura de todo o persoal adscrito ó Instituto.
- e) Xestionar os medios humanos e materiais do Instituto.
- f) Convocar e presidir os actos académicos e as reunións de todos os órganos colexiados do Instituto.
- g) Autorizar os gastos dacordo co presuposto do Instituto e ordenar os pagos.
- h) Visar as certificacións e documentos oficiais do Instituto.
- i) Propoñer o nomeamento dos cargos directivos e designar ós Xefes de Departamento e ós titores dacordo co procedemento establecido no regulamento.
- j) Executar os acordos dos Órganos colexiados no ámbito da súa competencia.
- k) Convocar e presidir o Consello Escolar, o Claustro e a Comisión de Coordinación pedagóxica do Instituto.
- l) Promover e impulsar as relacións do Centro coas Institucións do seu entorno, en especial cos organismos públicos que leven a cabo tarefas de responsabilidade en materia educativa.
- m) Promover relacións cos centros de traballo que afecten a aspectos referentes á formación dos alumnos e a súa inserción profesional, e firmar os convenios de colaboración, unha vez informados polo Consello Escolar, entre o Instituto e os mencionados centros.
- n) p) Garantar a información sobre a vida do Instituto ós distintos sectores da comunidade escolar e ás súas organizacións respectivas, así como facilitarlles o dereito de reunión dos profesores, alumnos, pais e nais de alumnos e persoal de administración e servizos, dacordo co disposto nas leises.

A VICEDIRECCIÓN

Serán da súa competencia:

- a) Participar na elaboración do Proxecto curricular de etapa.
- b) Elaborar o programa anual destas actividades nas que se recollerán as propostas dos Departamentos, dos profesores, dos alumnos e dos pais e nais.
- c) Dar a coñecer ós alumnos a información relativa ás actividades complementarias.
- d) Promover e coordinar as actividades culturais e deportivas en colaboración con todos os membros da comunidade educativa.
- e) Coordinar a organización das viaxes de estudio, os intercambios escolares e calquera tipo de viaxes que realicen os alumnos.
- f) Distribuir os recursos económicos destinados polo C.E. ás actividades complementarias e extraescolares.
- g) Responsabilizarse da Biblioteca do Instituto.
- h) Coordinar os programas de apertura do Instituto á Comunidade Escolar, nos que se decida participar.
- i) Sustituír ó Director en caso de ausencia o enfermidade.

A XEFATURA DE ESTUDIOS

As súas competencias serán:

- a) Exercer la xefatura do persoal docente en todo o relativo ó réxime académico.
- b) Coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico de orientación e complementarias de profesores e alumnos en relación co Proxecto Educativo do Instituto, os Proxectos Curriculares de etapa e a Programación Xeral Anual do Instituto.
- c) Elaborar en colaboración co equipo directivo os horarios académicos de alumnos e profesores dacordo cos criterios aprobados polo Claustro para o horario xeral incluído na Programación xeral anual, así como velar polo seu estricto cumprimento.
- d) Coordinar as actividades dos Xefes de Departamentos.
- e) Coordinar as actividades do Departamento de Orientación nas actividades dos titores dacordo co Plan de acción titorial e do Plan de orientación académica e profesional.
- f) Coordinar coa colaboración do representante do Claustro no Centro de Profesores, as actividades de perfeccionamento do profesorado, así como planificar e organizar as actividades de formación de profesores realizadas no Instituto.
- g) Organizar os actos académicos.
- h) Proponer ó Claustro as datas de sesións de avaliación, así como organizar e dispoñer o relativo ás mesmas.
- i) Recibir e levar o control dos partes de clases e de faltas de asistencia dos alumnos, en coordinación cos profesores titores.
- j) Recibir e levar o control das actas de calificación e avaliación dos alumno/as, remitíndoas á Secretaría ós efectos pertinentes.
- k) Colaborar con cada profesor na búsqueda de solucións, ante as dificultades que surxan no seu traballo.

O SECRETARIO/A

Son competencias do Secretario:

- a) A ordenación do réxime administrativo do Instituto.
- b) Actuar como Secretario dos órganos colexiados do Instituto, levantar acta das sesións e dar fe dos acordos, co visto bo do Director/a.
- c) Custodiar os libros e arquivos do Instituto.
- d) Expedir as certificacións que soliciten as autoridades e os interesados ou seus representantes.
- e) Realizar o inventario xeral do Instituto e mantelo actualizado.
- f) Custodiar e dispoñer a utilización dos medios audiovisuais, informáticos e do material didáctico en xeral.
- g) Exercer a xefatura do persoal de administración e servicios adscrito ó Instituto.
- h) A organización dos actos públicos que teñan lugar no Centro, coidando do protocolo a observar neles.
- i) Elaborar o anteproxecto do presuposto do Instituto.
- j) Ordenar o réxime económico do Instituto, realizar a contabilidade e rendir contas diante das autoridades correspondentes.
- k) Velar polo mantemento material do Instituto en todos os seus aspectos.

Así coma todas as atribuídas no R.R.I.

6.B. ÓRGANOS COLEXIADOS

Os órganos de goberno colexiados son o Consello Escolar, o Claustro de Profesores/as e Os Equipos Docentes

O CONSELLO ESCOLAR

O Consello escolar do Centro está composto por:

- Director/a do Centro.
- Xefa/e de Estudos
- 7 representantes de profesores
- 3 representantes de pais e nais de alumnos/as
- representantes de alumnos/as
- 1 representantes do persoal non docente
- 1 representante do concello
- secretario/a do Centro con voz pero sen voto.

Dentro do C.E. existirá alo menos unha comisión: a comisión Económica e calquera outra que no seu momento o C.E. considere oportuno.

Son competencias do Consello Escolar:

- a) Aprobar a P.X.A. e a súa revisión
- b) Renovar os membros vacantes do C.E.
- c) Nomear a Comisión Económica
- d) Elaborar o R.R.I.
- e) Evaluar e aprobar o P.E.C.
- f) Promover a renovación das instalacións e equipamentos do Instituto e velar pola súa conservación.
- g) Elaborar as directrices para a programación e desenrolo das actividades escolares complementarias.
- h) Establecer os criterios sobre a participación do Instituto nas actividades culturais, deportivas e recreativas, e naquelas accións asistenciais ás que o Instituto poidera prestar a súa colaboración.
- i) Aprobar o proxecto de presuposto do Centro.
- j) Aprobar a xustificación de Gastos.
- k) Decidir sobre a admisión de alumnos.
- l) Informar a Memoria anual sobre actividades e situación xeral do Instituto.

Comisión Económica.

A Comisión Económica estará composta polo:

- Director/a
- Un profesor/a elixido polo C.E.
- Un pai ou nai elixido polo C.E.
- Secretario/a.

Competencias.

- Elaborar o proxecto de Presupostos.
- Informar da xustificación de Gastos.
- Preparar a compra de material inventariable.

CLAUSTRO DE PROFESORES

O Claustro de profesores estará composto por todos os profesores que impartan clases no centro

Obxetivos

- a) a.- Programar as actividades docentes do Centro.
 - 1.- Elaborar propostas para a elaboración do P.E.C. e da P.X.A.
 - 2.- Establecer os criterios para a elaboración do P.C.C.
 - 3.- Aprobar os criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios dos alumnos.
 - 4.- Aprobar a planificación xeral das sesións de avaliación.
 - 5.- Aprobar o calendario de exames ou probas extraordinarias.
 - 6.- Aprobar os criterios para a elaboración dos horarios dos profesores.
 - 7.- Analizar e valorar a evolución do rendimento escolar xeral do Instituto.
- b) Elixir os seus representantes no C.E. e no C.E.P.
- c) Fixar e coordinar criterios sobre as tarefas de avaliación e recuperación de alumnos.
- d) Coordinar as funcións de Orientación e tutoría dos alumnos.
- e) Aprobar o P.C.C.

EQUIPOS DOCENTES.

O equipo educativo ou docente está composto por todos os profesores que imparten clase a un mesmo grupo e un representante do Departamento de Orientación e estará presidido polo profesor-titor. Nas reunións durante o curso estará presente un membro do equipo directivo e nas finais deberá estar presidida por la Xefatura de Estudos ou por aquela persoa en quen delegue.

- b) As reunións celebraranse coa periodicidade que se establezca na P.X.A. e sempre que se considere necesario.
- c) En cada sesión de avaliación ou reunión do equipo educativo o titor levantará acta na que fará constar ademais do aproveitamento dos alumnos, as observacións que se crean necesarias.

As Calificacións finais dos alumnos de cada grupo realizaranse nunha reunión do Equipo educativo ou Xunta de Avaliación e calquera modificación da Acta de Avaliación deberá realizarse nunha sesión convocada ó efecto, na que estarán presentes todos os profesores pertencentes a este equipo educativo ou xunta avaliadora.

6C. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.

6C1. DEPARTAMENTOS.

6C1.1. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

O departamento de orientación terá a composición que regularmente se determine, e en todo caso, formarán parte do mesmo: (DOG 9/896 ; DOG 31/7/98)

- a) Os funcionarios de carreira do corpo de PES , da especialidade de psicoloxía e pedagogía existentes no Centro.
- b) O profesor/ora de pedagogía terapéutica, e naqueles centros que estea catalogado, o profesor especialista de audición e linguaxe, que exercen a función de apoio á atención ó alumnado con necesidades educativas especiais, destinados no instituto de educación secundaria.
- c) O xefe do departamento de orientación , se é o caso, de cada un dos colexios de educación infantil e primaria adscritos ó Instituto.
- d) Un titor/ora por cada un dos ámbitos lingüístico – social e científico tecnolóxico, designados polo Director/ora, por proposta da CCP. Procurarase que existan profesores de cada unha das etapas educativas que imparte o centro , ou cando corresponda , de distintos niveis educativos.
- e) Si existe FP Específica , incorporarase o departamento un profesor de FOL , designado polo director a proposta da CCP.

A xefatura de departamento desempeñaraa o funcionario do corpo de PES, especialidade “psicoloxía e pedagogía” agas nos supostos do Decreto 120/98 do 23 de abril.

Funcións do Dº de Orientación:

- a) Elaborar , coas directrices da CCP, as propostas do plan de orientación académica e profesional e do plano de acción tutorial do centro.
- b) Valora-las necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos/as do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención do seu ámbito de actuación
- c) Participar na elaboración, seguimento e avaliación do PEC e PCC
- d) Deseñar accións encamiñadas á atención teperá , se e ocaso, do seu alumnado e o dos colexios e escolas que lle sexan adscritos e a prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades dos alumnos/as.
- e) Participar na avaliación psicopedagóxica conforme a normativa ó respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- f) Facilitarlle ó alumnado o apoio e o asesoramento para adquirir habilidades básicas da vida e enfrontar os momentos escolares mais decisivos.
- g) Informar ó alumnado dos recursos laborais e profesionais o seu alcance e propofier actividades de orientación que faciliten a toma de decisións sobre o futuro.
- h) Cooperar cos menmbros dos equipos de orientación específicos no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de orientación.
- i) Impulsa-la participación do profesoradoen programas de investigación e innovación educativa

- j) Promove-la colaboración entre os centros e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos.
- k) Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos e institucións no ámbito das súas competencias.
- l) Onde exista FP Específica , coordina-la orientación laboral e profesional con outras administracións e institucións.
- m) Aqueloutras que a administración educativa lle puidese encomendar no ámbito das súas funcións.
- n) Funcións da xefatura do departamento
- o) Representa-lo departamento na CCP
- p) Dirixir e coordina-las actividades e actuacións propias do departamento e facilita-la colaboración entre os seus membros.
- q) Responsabilizarse da redacción do plan anual do departamento e velar polo seu cumprimento; así como da elaboración da memoria final de curso.
- r) Convocar e presidi-las reunións *semanais* ordinarias do departamento e as que con carácter extraordinario fose preciso celebrar, levantando a acta correspondente.
- s) Velar pola confidencialidade dos documentos, se é o caso.
- t) Coordina-la organización de espazos e instalacións para a orientación, a adquisición de material e de equipamento específico asignado ó departamento e velar polo seu uso correcto e conservación.
- u) Realiza-las avaliacións psicopedagóxicas do seu centro , e se e o caso , dos centros que lle sexan adscritos, así como asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade e responsabilizarse, cando cumpra , da elaboración do informe psicopedagóxico.
- v) Coordinar , en colaboración co profesor/ora de apoio, a atención do alumnado con necesidades educativas especiais elevando, cando cumpra, proposta ó xefe/a de estudos para organiza-la docencia do alumnado con necesidades educativas especiais.
- w) Participar nas sesións de avaliación para o deseño , desenvolvemento e avaliación de actuacións conxuntas que permitan a coherencia das respostas educativas.
- x) Aqueloutras funcións que a administración educativa lle poida asignar referidas á orientación.

A participación do xefe de departamento de orientación nas sesións de avaliación responderá as súas competencias de asesoramento e apoio ó profesorado e asistirá a elas con voz e sen voto.

Nas sesións de avaliación terá voz pero non voto.

Funcións do profesorado de apoio ó alumnado con NEES: especialista en pedagogía terapéutica e en audición e linguaxe.

Ademais das que lles competen como membros do departamento de orientación desenvolverán as seguintes funcións:

- a) Asistir ás reunións da CCP
- b) Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á ESO , e cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecte a alumnado con necesidades educativas especiais.

- c) Colaborar na elaboración seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, así como das medidas de reforzo , se é o caso , e daqueloutras dirixidas á atención á diversidade do alumnado.
- d) Prestarlle atención docente directa o alumnado con NEES, en xeral, no grupo en que está integrado.
- e) Aqueloutras funcións que a Administración educativa lle poida asignar referidas á orientación.

Funcións do profesor de formación e orientación laboral pertencente ó departamento de orientación (non é o caso deste instituto)

6C1.2. DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES (DOG 9-8-96; DOG 2-9-97)

Son actividades complementarias , as realizadas co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espacio ou recurso que utilizan.

Son actividades extraescolares as organizadas polo centro, que figuran na programación xeral anual, aprobada polo CE, que se realizan fora do horario lectivo e teñen participación voluntaria.

O departamento estará formado polo xefe/a do mesmo , e para cada actividade concreta, polo profesorado e alumnado responsable da mesma. Ademais (DOG 2-9-97), formarán parte do departamento o profesor encargado da biblioteca, si existe.

En canto as reunións do departamento e ó programa anual de actividades complementarias e extraescolares (DOG 2-9-97)serán aplicables as normas que para reunións e memoria se dictan para os departamentos didácticos a continuación.

O xefe/a de departamento sera o vicedirector/ora onde exista este cargo. Nomearase por catro anos e cesará cando se dé algunha das circunstancias citadas no artigo 76.

O xefe/a de departamento actuará baixo a dependencia directa do /da xefe/a de estudos e en estreita colaboración co equipo directivo.

Funcións do xefe de departamento das actividades complementarias e extraescolares:

- a) Participar na elaboración do PCEtapa.
- b) Elabora-lo programa anual destas actividades.
- c) Programar cada unha das actividades, especificando obxectivos , momento e lugar de realización, repercusións económicas e forma de participación do alumnado.
- d) Proporcionar ó alumnado información relativa as actividades do departamento.
- e) Promover e coordinar-las actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro, a CCP , os departamentos, a xunta de delegados de alumnos e a APA.
- f) Coordina-la organización de viaxes de estudos, intercambios escolares e calquera viaxe do alumnado.
- g) Distribuí-los recursos económicos destinados ó efecto, logo da aprobación polo consello escolar.
- h) Organiza-la utilización da biblioteca do instituto.
- i) Elabora-la memoria final de curso coa avaliación das actividades, que se incluírá na memoria anual do centro.

- j) Presentarlle proposta ó equipo directivo para a relación e intercambio de actividades cos centros do contorno.

Requisitos das actividades extraescolares que se realicen fora da localidade:

- a) Aprobación polo CE.
- b) Autorización escrita de pais ou titor legal.
- c) OS alumnos/as irán acompañados polo profesorado correspondente na proporción dun por cada 20 alumnos/as.

Os centros facilitarán a participación dos distintos sectores da comunidade educativa, na elección organización, desenvolvemento e avaliación destas actividades.

Os centros coa aprobación do CE, poderán establecer convenios con asociacións e entidades sen ánimo de lucro para desenvolver estas actividades. Estes convenios deben ser autorizados polo delegado provincial de educación , director xeral de ordenación educativa ou conselleiro de educación, según a súa incidencia provincial autonómica ou estatal.

As administracións locais poderán colaborar cos centros educativos, para impulsar as actividades extraescolares e complementarias e promover as relacións entre a programación dos centros e o contorno socioeconómico no que estes desenvolven o seu labor.

6C1.3. DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS (DOG 9-8-96; DOG 2-9-97)

Son órganos básicos encargados de organizar e desenvolver as ensinanzas propias das áreas, materias ou módulos profesionais correspondentes,, e as actividades que se lle encomenden dentro das súas competencias.

Estarán compostos por tódolos profesores/oras que impartan o ensino propio destas áreas ,materias ou módulos asignados ó departamento.

Cando nun departamento se integren profesores/oras de mais dunha das especialidades establecidas, a programación e impartición das áreas , materias ou módulos de cada especialidade, corresponderalles ós profesores respectivos.

Competencias dos departamentos didácticos.

- a) Formular propostas ó equipo directivo e ó claustro relativas á elaboración do PEC e a programación xeral anual.
- b) Formular propostas á CCP relativas á elaboración dos PCEtapa.
- c) Elaborar , antes do comenzo do curso académico, a programación didáctica correspondente, baixo a coordinación e dirección do seu xefe/a, e de acordo coas directrices xerais da CCP. A programación didáctica incluirá para cada etapa , os aspectos sinalaos no artigo 96 deste regulamento.
- d) Promover a investigación educativa e propoñerlle ó xefe/a de estudos , actividades de formación do profesorado.
- e) Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- f) Colaborar co departamento de orientación na prevención e detección de problemas de aprendizaxe, así como na programación e aplicación de adaptacións e diversificacións curriculares, actividades de reforzo, ampliación e actividades de recuperación.
- g) Organizar e realizar , actividades complementarias, en colaboración co departamento correspondente.

- h) Organizar e realiza-las probas necesarias opara os alumnos/as de bacharelato ou ciclos con materias ou módulos pendentes, e se é o caso, para alumnos/as libres.
- i) Resolve-las reclamacións que formulen os alumnos/as e dicta-los informes pertinentes.
- j) Elaborar a fin de curso , unha memoria na que se avalie o desenvolvemento da programación e os resultados obtidos.
- k) Propoñer materias optativas dependentes do departamento, que serán impartidas polos profesores/oras do mesmo.

Desempeño da xefatura:

Os xefes/as de departamento, que serán designados polo director/ora e nomeados polo delegado provincial de educación, desempeñarán o seu cargo durante catro anos, renovables de se-lo caso.

A xefatura de departamento será desempeñada por un profesor/ora do mesmo, en servicio activo no corpo de catedráticos numerarios de bacharelato á entrada en vigor da lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo. Si hai mais de un , o director/ora , oido o departamento, nomeará un deles.

Nas disciplinas que non haxa funcionarios cos requisitos anteriores, desempeñará a xefatura, un funcionario do corpo de PES coa condición de catedrático adquirida. Si hai mais de un, o director/ora, oido o departamento, nomeará un deles.

Nas disciplinas que non haxa funcionarios cos requisitos anteriores, desempeñarán a xefatura, funcionarios de carreira do corpo de PES ou de selo caso do corpo de PTFP, con destino definitivo no centro, que designe o director/ora , a proposta do departamento.

No caso de que non haxa PES ou PTFP con destino definitivo recaerá por este orden , nun PES ou nun PTFP en expectativa de destino, nun mestre con destino definitivo no instituto ou nun profesor interino. Nestes casos o nomeamento terá a duración dun curso académico. Por último pode ser imposto como xefe/a de departamento, dunha materia afín da que imparte tódalas horas, un profesor con destino definitivo no centro. O nomeamento tamén sería por un ano.

No caso de que nun departamento haxa só un PES coa condición de catedrático, que estivera en situación de servicio activo no corpo de catedráticos de bacharelato antes da entrada en vigor da lei1/1990 do 3 de outubro, e estea desempeñando un cargo directivo, poderase adscribir como xefe de departamento, outro profesor do mesmo departamento. Farase aplicando os criterios mencionados e o profesor adscrito asumirá as obrigas do cargo, coordinando as actividades do departamento de mutuo acordo co xefe de departamento. Terá dereito, mentras dure o nomeamento, as retribucións e reducións horarias correspondentes. Cesará cando desapareza a cusa que motivou o seu nomeamento.

Competencias do Xefe/a de departamento:

- a) Representa-lo departamento na CCP
- b) Participar na elaboración do PCEtapa.
- c) Responsabilizarse da elaboración das programacións didácticas das áreas, materias ou módulos do departamento.
- d) Dirixir e coordina-las actividades do departamento.
- e) Convocar e presidir as reunións ordinarias e as extraordinarias que fose preciso celebrar.
- f) As reunións serán semanais, na hora destinada a tal fin nos horarios dos profesores e de asistencia obrigatoria. Polo menos unha vez ao mes deberán face-lo seguimento do desenvolvemento da programación, establecendo as medidas correctoras , que si é o caso se estimen oportunas.

- g) Responsabilizarse de que se levante acta de reunión do departamento e de que se elabore unha memoria final de curso. O xefe/a de seminario levantará acta dos acordos tomados en tódalas reunións. Nos departamentos unipersoais recollerá nun informe mensual a avaliación do desenvolvemento da programación e as medidas adoptadas , si é o caso.
- h) Á vista das actas ou informes a memoria deberá recoller os seguintes aspectos.
- i) Modificacións introducidas.
- j) Motivo/os das modificacións.
- k) Análise dos resultados das avaliacións dos alumnos/as en relación cos cursos anteriores. Si hai convocatoria extraordinaria de setembro farase unha análise parcial en xuño , incorporándose como anexo a análise definitiva que se fará en setembro.
- l) Propostas de revisión de :
- m) A programación didáctica para o curso seguinte.
- n) Os proxectos curriculares de etapa
- o) A memoria redactada polo xefe/a de departamento será entregada ó xefe/a de estudos no prazo que estableza a dirección de acordo co calendario previsto para face-la avaliación da programación xeral anual.
- p) Darlles a conocer ós alumnos/as a información elativa á programación especialmente , obxectivos, mínimos , criterios de avaliación, elaborados polo propio departamento.
- q) Realiza-las convocatorias de exames para alumnos/as libres, alumnos de bacharelato ou ciclos con materias ou módulos pendentes, así como as probas extraordinarias , sempre en coordinación coa xefatura de estudos. Presidi-la realización de exercicios e avalialos en colaboración cos membros do departamentos.
- r) Realiza-lo seguimento da programación didáctica, velando polo seu cumprimento e a correcta aplicación dos criterios de avaliación.
- s) Resolve-las reclamacións de final de curso do departamento de acordo coas deliberacións dos seus membros, e elabora-los informes pertinentes.
- t) Coordina-la organización de espazos e instalacións, e velar pola correcta conservación do equipamento do departamento.
- u) Colaborar co secretaria/a na elaboración e actualización do inventario do centro.

Existen, ademais destas, unhas competencias específicas dos xefes de departamento de familia profesional que non proceden.

O xefe/a de departamento finalizará as súas funcións ó remate do seu mandato ou cando se den algunha das seguintes circunstancias:

- a) Traslado temporal ou definitivo, voluntario ou forzoso, situación de servizos especiais, xubilación, excedencia voluntaria ou forzosa.
- b) Cesamento polo delegado provincial de educación, de oficio ou por proposta do director/ora , a causa de incumprimento grave de funcións, oído , s é o caso, o director/ora, o departamento e o interesado
- c) Renuncia motivada e aceptada polo director/ora.

Cando finalice ou sexa cesado o xefe/a de departamento, o director/ora procederá a designa-lo novo xefe/a de departamento dacordo co establecido anteriormente.

OUTROS ÓRGANOS

6C2.COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

- 1.- No instituto existirá unha comisión de coordinación pedagoxica , que estará integrada polo director ou directora , que será o seu presidente , o xefe ou xefa de estudos , os xefes de departamento , o coordinador do equipo de normalización lingüística , o profesor ou profesora de apoio a alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais e de se-lo caso , o coordinador en formación en centros de traballo ; actuará como secretario un membro da comisión , designado polo director ou directora , oídos os restantes membros .
- 2.- As competencias da comisión pedagóxica son as seguintes :
 - a) Elevar propostas ó claustro cofín de establece – los criterios para a elaboración dos proxectos curriculares de etapa nos que se incluírá o plano de orientación académica e profesional e o plano de acción tutorial se realice conforme os criterios establecidos polo claustro.
 - b) Velar para que a elaboración dos proxectos curriculares de etapa nos que se incluírá o plano de orientación académica e profesional e o plano de acción tutorial se realice conforme os criterios establecidos polo claustro.
 - c) Asegura-la coherencia entre o proxecto educativo do instituto, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.
 - d) Establece-las directrices xerais para a elaboración das programacións didacticas dos departamentos, do plano de orientación académica e profesional, do plano de acción tutorial, así como das adaptacións curriculares e dos programas de diversificacións curricular e de garantía social, incluídos no proxecto curricular.
 - e) Proponer o claustro de profesores os proxectos curriculares ‘para a súa aprobación’.
 - f) Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos curriculares de etapa.
 - g) Proponer ó claustro a planificación xeral das sesións de avaliación e cualificación e o calendario de exames ou probas extraordinarias de acordo coa xefatura de estudos.
 - h) Canaliza-las necesidades de formación continuada do profesorado cara ó Centro de Formación Continua do Profesorado.
 - i) Proponerlle ó director ou directora os profesores tutores que han formar parte do departamento de orientación.
 - j) Realizar, de se-lo caso, a proposta ó xefe ou xefa de estudos co fin de que se designe o responsable do departamento de actividades complementarias e extraescolares.
 - k) Propoñe-los profesores e profesoras que han formar parte do equipo de normalización lingüística.
 - l) *Establece-las directrices xerais, para a distribución dos recursos económicos, asignados pola dirección para o conxunto dos departamentos*

6C3. EQUIPO DE NORMALIZACION LINGÜÍSTICA

1.- Para potencia-lo uso da lingua galega constituirase nos centros un equipo de normalización lingüística, constituído por:

- Tres profesores, por proposta da comisión pedagóxica.
- Tres alumnos, por proposta da xunta de delegados.
- Un membro do persoal non docente por proposta dos mesmos.

Os membros do equipo serán nomeados polo director ou directora.

É competencia do equipo de normalización lingüística:

- 1.- Presentar a través do claustro, propostas ó equipo directivo para a fixación dos obxetivos de normalización lingüística.
- 2.- Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plano xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:
 - Medidas para potencia-lo uso da lingua galega nas actividades do centro.
 - Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellora-la
 - Competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
- 3.- Propoñer á comison de coordinación pedagoxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plano específico para potencia-la presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, arte, folclore, etc.no ensino.
- 4.- Elaborar e dinamizar un plano anual de actividades tendentes á consecución dos obxetivos incluídos nos planos anteriores.
- 5.- Presentar para a súa aprobación no Concello Escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos disponibles para estes fins.
- 6.- Aquel outras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establece na súa norma específica.

A coordinación do equipo será desempeñada por un profesor ou profesora do mesmo, preferentemente con destino definitivo no centro.

6D. A TITORÍA

Artigo 58

- 1.- A titoría e orientación do alumnado formará parte da función docente. A función titorial e orientadora do alumnado desenvolverase ó longo de tódalas etapas e ciclos formativos.
- 2.- Nos institutos de educación secundaria haberá un titor ou titora por cada grupo de alumnado. O titor ou titora será designado polo director ou directora, por proposta do xefe ou xefa de estudos ,oído o xefe ou xefa do departamento de orientación, entre os profesores e profesoras que impartan docencia a todo o grupo.

Artigo 59

- 1.- Cada profesor titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións:
- a) Participar no desenvolvemento do plano de acción tutorial e nas actividades de orientación ,baixo a coordinación do xefe ou xefa de estudos e en colaboración co departamento de orientación.
 - b) Proporcionarlles no principio de curso, ó alumnado e ós pais e nais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de tutoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
 - c) Coñece-las características persoais de cada alumno e alumna a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
 - d) Coñece-los aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno e alumna.
 - e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais co obxecto de busca-las respostas educativas adecuadas e solicita-los oportunos asesoramentos e apoios.
 - f) Coordina-las adaptacións curriculares necesarias para alumnos e alumnas do seu grupo.
 - g) Facilita-la integración do alumnado no grupo e fomenta-la súa participación nas actividades do centro.
 - h) Orienta-lo alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
 - i) Informar ó equipo de profesores do grupo de alumnos e alumnas das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
 - j) Coordina-lo axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos e alumnas.
 - k) Organizar e presidi- las sesións de avaliación do seu grupo.
 - l) Favorece-lo proceso de maduración vocacional orientado e asesorando o alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
 - m) Colaborar co departamento de orientación do instituto nos termos que estableza a xefatura de estudos.
 - n) Colaborar cos demais titores e co departamento de orientación no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
 - o) Orienta-las demandas e inquiredanzas do alumnado e mediar, en colaboración co delegado do grupo, ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
 - p) Informar ó alumnado do grupo, ós pais e nais e ó profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.
 - q) Facilita-la cooperación educativa entre o profesorado e os pais e nais dos alumnos e alumnas.
 - r) Exercer, de acordo co proxecto curricular , a coordinación entre os membros do equipo docente.
 - s) Cubri-los documentos oficiais relativos ó seu grupo de alumnado.

- t) Controla-la falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informados os pais e nais ou titores e o xefe ou xefa de estudos.
- u) Implica-las familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.
- v) Atender, xunto co resto do profesorado, os alumnos e alumnas mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.
- w) *En función da dispoñibilidade horaria, farase unha reunión semanal de titores por nivel, con cargo ás horas de garda*

2.- No caso dos ciclos formativos de formación profesional, o titor ou titora asumirá tamén, respecto ó módulo de formación en centros de traballo, as seguintes funcións:

- a) Elabora-lo programa formativo do módulo, en colaboración co responsable designado para estes efectos polo centro de traballo.
- b) Avalia-lo módulo, tendo en conta o informe do responsable designado por parte do centro de traballo sobre as actividades realizadas polos alumnos e alumnas durante o período de estadía nese centro.
- c) Manter contactos periódicos co responsable designado polo centro de traballo, co fin de contribuír a que o programa de formación se axuste á cualificación que se pretende.
- d) Atender no centro educativo os problemas de aprendizaxe que presente o seu grupo de alumnos e alumnas e valorar de xeito continuado as actividades correspondentes ó programa de formación.
- e) Informar sobre as peticións de validacións ou exencións formuladas polo alumnado do ciclo formativo.
- f) Tramitar para o seu grupo de alumnos e alumnas a documentación relativa á formación en centros de traballo.
- g) Axudar ó departamento na identificación da necesidade de colaboración de expertos, así como no calendario de intervención.
- h) Propoñer, para a súa aprobación polo Consello Escolar, a distribución da asignación económica destinada a estas ensinanzas.
- i) Informar á dirección do centro de todo o referente ó ciclo formativo.
- j) Redacta-la memoria final de curso, que se incluirá na memoria de centro.

Artigo 60

- 1.- O xefe ou xefa de estudos coordinará o traballo dos titores e manterá as reunións periódicas necesarias para o bo funcionamento da acción tutorial.
- 2.- O coordinador de formación en centros de traballo coordinará os titores de ciclos formativos e programas de garantía social naqueles aspectos que lle son propias, para o que manterá as reunións periódicas necesarias con eles.

6E. XUNTA DE DELEGADOS DE ALUMNOS

Artigo 107

- 1.- Nos institutos de educación secundaria existirá unha xunta de delegados integrada polos representantes dos alumnos e alumnas dos distintos grupos e polos representantes dos alumnos no Consello Escolar.

Artigo 108

1.- A xunta de delegados estará presidida por un dos seus membros elixido entre os seus compoñentes.

Artigo 109

1.- É competencia do delegado que preside a xunta:

- a) Convoca-las reunións que se precisen
- b) Presidi-las reunións e coordina-las mesmas.
- c) Responsabilizarse de que se levante acta das reunións.
- d) Facer chega-las propostas da xunta de delegados ós distintos órganos de dirección ou de coordinación didáctica do centro.

Artigo 110

1.- A xunta de delegados poderá reunirse en pleno ou, cando a natureza dos problemas o faga máis conveniente, en comisións que reúnan os delegados dun curso ou dunha das etapas educativas que se impartan no instituto, logo do coñecemento do director ou directora e sen que isto implique alteración no normal desenvolvemento das actividades docentes.

Artigo 111

- 1.- Cada grupo de alumnos elixirá, por sufraxio directo, secreto e non delegable durante o primeiro mes do curso escolar, un delegado de grupo, que formará parte da xunta de delegados. Elixirase tamén un subdelegado, que substituirá ó delegado en caso de ausencia ou enfermidade e apoiarao nas súas funcións.
- 2.- As eleccións de delegados e subdelegados, así como a do delegado que presidirá a xunta de delegados, serán convocadas polo xefe ou xefa de estudos, e organizadas por este en colaboración cos titores dos grupos e os representantes dos alumnos e alumnas no Consello Escolar.
- 3.- A designación dos delegados, subdelegados e delegado presidente da xunta de delegados poderá ser revocada, logo do informe razoado dirixido ó titor ou titora, pola maioría absoluta dos alumnos do grupo que os elixiron. Neste caso, procederase a convocatoria de novas eleccións nun prazo de quince días e de acordo co establecido no apartado anterior.

Artigo 112

1.- A xunta de delegados terá as seguintes funcións:

- a) Elevar ó equipo directivo propostas para a elaboración do proxecto educativo do instituto por iniciativa propia ou por petición daquel.
- b) Informar ós representantes dos alumnos e alumnas no Consello Escolar dos problemas de cada grupo ou curso.
- c) Recibir información dos representantes dos alumnos e alumnas no Consello Escolar dos problemas de cada grupo ou curso.
- d) Elaborar informes para o Consello Escolar por iniciativa propia ou a petición deste.
- e) Elaborar propostas de modificación do regulamento de réxime interior, dentro do ámbito da súa competencia.
- f) Informar ós alumnos e alumnas do centro das actividades da xunta de delegados.
- g) Formular propostas ó xefe ou xefa de estudos para a elaboración dos horarios e ó xefe ou xefa do departamento de actividades complementarias e extraescolares para a organización das mesmas.
- h) Debate-los asuntos que vaia trata-lo Consello Escolar no ámbito da súa competencia e elevar propostas de resolución ós seus representantes nel.

Artigo 113

- 1.- Cando o solicite, a xunta de delegados, en pleno ou en comisión, deberá ser oída polos órganos de goberno do instituto, nos asuntos que, pola súa índole, requiran a súa audiencia e, especialmente, no que se refire a :
 - a) Celebración de probas e exames.
 - b) Establecemento e desenvolvemento de actividades de participación de tódolos profesores e profesoras.
 - c) Presentación de alegacións e reclamacións nos casos de abandono ou incumprimento das tarefas educativas por parte dalgún membro do equipo docente do instituto.
 - d) Alegacións e reclamacións sobre a obxectividade e eficacia na valoración do rendemento académico doa alumnos e alumnas.
 - e) Proposta de sancións ós alumnos e alumnas pola comisión de faltas que leven aparelada a incoación de expediente.
 - f) Libros e material didáctico que sexa obrigatorio utilizar no instituto.
 - g) Outras actuacións e decisións que afecten de modo específico ós alumnos e alumnas.

Artigo 114

- 1.- Corresponde ós delegados de grupo:
 - a) Asistir ás reunións da xunta de delegados e participar nas súas deliberacións.
 - b) Expoñer ás autoridades académicas as suxestións e reclamacións do grupo ó que representan.
 - c) Fomenta-la convivencia entre os alumnos e alumnas do seu grupo.
 - d) Colaborar cos profesores e profesoras e co equipo directivo do instituto para o seu bo funcionamento.
 - e) Coidar da adecuada utilización do material e das instalacións do instituto.

Artigo 115

- 1.- Os delegados non poderán ser sancionados polo exercicio das súas funcións como voceiros dos alumnos e alumnas, nos termos da normativa vixente.
- 2.- O xefe ou xefa de estudos facilitará á xunta de delegados un espacio adecuado para que poida celebra-las súas reunións.

6F. ORGANIZACIÓN DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS.

Os pais e nais ou titores organizaranse en asociacións de pais e nais A.P.A.s, quenes recibirán todo o apoio administrativo e doutra clase que o I.E.S. lles poida proporcionar. Asimesmo o equipo directivo fomentará a participación dos pais e nais na vida do Instituto quenes participarán no funcionamento do Instituto segundo as atribucións que contempla o RRI.

7

UTILIZACIÓN DOS MEDIOS DO CENTRO

7. UTILIZACIÓN DOS MEDIOS DO CENTRO

7A. OS RECURSOS MATERIAIS.

- Adquisición
- Conservación
- Responsabilidade

7B. RECURSOS DIDÁCTICOS

Os recursos didácticos elixiranse de acordo cos seguintes criterios:

- Que non sexan discriminatorios.
- Que faciliten a aprendizaxe dos alumnos/as integrándose na metodoloxía de cada ciclo ou área.
- Que promovan o uso comunitario e cooperativo.
- Que sexan fáciles de empregar.
- Que non degraden o medio ambiente.
- Que sexan adecuados a cada idade e características do grupo en xeral, e de cada alumno en particular.

OBTENCIÓN

Existen dúas vías de obtención de material didáctico por parte dos Seminarios , unha externa ó Centro (Consellería , editoriais , particulares etc), e outra mediante os cartos que o Centro dispón para os gastos dos Seminarios.

No caso de ter que pedir material á Consellería para un determinado Seminario , débese facer a través da Dirección , previo aviso do Xefe de Seminario, enviando unha carta ó departamento de material da Consellería de Educación.

Os recursos didácticos propios de cada departamento serán elixidos polos profesores/as propios de cada departamento.

Os recursos didácticos comúns a tódolos departamentos como biblioteca, audiovisuais, teatro... , aprobaranse pola comisión pedagóxica.

No caso de cartos do Centro para os gastos do seminario habería que ter en conta os seguintes aspectos:

1.- CANTIADA A REPARTIR.

Debe ser a Dirección do Centro a que determine a cantidade para repartir entre os seminarios, en función da dispoñibilidade de cartos que poida preveer. En caso de necesidade apremiante xustificada a Dirección do Centro debería poder rebaixar esa cantidade para afrontar outros gastos que considere prioritarios.

2.- PROCESO DE REPARTO.

Unha vez que se ten determinada a cantidade a repartir o proceso a seguir podería ser o que sigue:

2.1.- Atención as necesidades especiais de Seminarios.

A CCP debe , a petición de algúns xefes de Seminario que así o consideren, estudar as necesidades especiais que se plantexen , e si así o considera , apartar certa cantidade previo ao reparto e decidir si o Seminario en cuestión continua no reparto ou non.

2.2.- Mínimo por Seminario.

Adicarase un 15% dos cartos que ata aquí chegan para repartir proporcionalmente entre tódolos seminarios.

2.3.- Cálculo de un coeficiente a aplicar o resto dos cartos.

Se aplicará un coeficiente para cada Seminario que se calculará tendo en conta tres criterios (ver folla adxunta).

- 1) nº de alumnos.
- 2) nº de horas.
- 3) tres tipos de Seminarios en función de sus necesidades de material.

Con estes criterios calcúlase un porcentaxe por Seminario que nos dará os cartos que lle corresponden a cada Seminario por ano natural.

Posiblemente o momento mais adecuado para facer esto é no mes de febreiro, antes da chegada dunha parte importante da aportación da Consellería para o IES, e tamén e importante que os Xefes de Seminario gasten ese cartos antes de finalizar o ano.

Sempre que exista algún tipo de aportación monetaria (ex. APA) podería utilizarse este procedemento de reparto.

EXEMPLO:

Supoñamos que o Centro decide aportar 500000 pts para gastos de Seminarios.

O Seminario X plantexa a adquisición de un determinado material cun custo de 100.000 pts xa que considera que outros anos non se atenderon as súas peticións e cedeu parte dos seus cartos para a adquisición de materiais de outros Seminarios.

A CCP , decide atender esta petición pero restaralle a o Seminario en cuestión o fixo que lle correspondería, deixando que si participe no resto do reparto.

A cantidade a repartir convertese entón en 400.000 pts, e o 25 % son 100.000 a repartir entre 15 Seminarios xa que o seminario X non entra no reparto. Correspóndelle a cada Seminario de fixo, 6667 pts.

O resto dos cartos, 300.000 pts distribúese en función dos coeficientes da follá adxunta . Así o reparto quedaría:

SEMINARIO	FIXO	COEFICIENTE	ESPECIAL	TOTAL
TX	6667	33600		40267
LG (x)	0	24000	100000	124000
LC	6667	22500		29167
ING	6667	32700		39367
FR	6667	11100		17767
EF	6667	27600		34267
EP	6667	22200		28867
MU	6667	15600		22267
CCSS	6667	21300		27967
MAT	6667	24000		30667
FQ	6667	26400		33067
CN	6667	26100		32767
FIL	6667	3600		10267
EC	6667	900		7567
CC	6667	1500		8167
RE	6667	6000		12667
TOTAL	100005	299100	100000	499105

7C. OS ESPACIOS DO CENTRO

- **ORGANIZACIÓN**

A) AULAS

Cada grupo ten a súa aula propia – neste curso 98-99 son 26 grupos-.Pero ademais existen aulas específicas:

- Aula de Inglés
- Aula de Ciencias Sociais
- 2 aulas de Educación Plástica e Visual e 1 de Dibuxo Técnico
- Aula de Informática con conexión a Internet
- 2 aulas de Tecnoloxía
- 2 talleres de Tecnoloxia
- 2 aulas de Música

- 3 aulas de desdobles
- 2 aulas de audiovisuais

B) INFRAESTRUCTURA

- Gimnasio
- Biblioteca
- Salón de Actos
- 8 seminarios compartidos
- Aula de apoio
- Despachos de Dirección, Xefatura de Estudos e Secretaría
- Departamento de Orientación
- Sala de Profesores
- Sala de Alumnos
- Sala de Visitas
- Salita APAS
- Secretaría
- Consexería
- Cafetería
- Aseos nas 5 plantas
- Pistas de xogo e zona cuberta
- Aparcamento de vehículos

- **CRITERIOS**

A) AS AULAS

O agrupamento de alumnos organizarase de tal xeito que as asignaturas optativas escollidas no primeiro ciclo da ESO –Obradoiro de Comunicación Oral, Obradoiro de Matemáticas, e Segunda Lingua Estranxeira- sexan impartidas á vez- , co fin de que os alumnos repetidores estean repartidos por tódolos grupos e de xeito que os alumnos estean misturados e non saian grupos moi conflictivos. Contando sempre ca dispoñibilidade de profesorado.

Procurase manter ós alumnos do primeiro ciclo na mesma planta. Os alumnos do 2º ciclo tamén compartirán pasillo, procurando mantelos afastados dos do 1º ciclo. Ós bachareles adxudicaráselles a quinta planta co fin de que teñan máis independencia.

Adxúntase plano do centro ca distribución dos espacios.

B) OS RECREOS

Para os espazos de uso común nas horas de recreo estableceranse as seguintes zonas de vixilancia atendidas por profesores de garda:

- **Zona 1** -Planta 1: Cafetería, Recibidor, Corredor ascensores, Aseos, Escaleiras de acceso á planta 2
- **Zona 2** - Planta 2: Aseos, Porta do corredor de aulas, Proximidade ás escaleiras.
- **Zona 3A** - Planta 3: Aseos. Porta de corredor de aula.
- **Zona 3B** - Planta 3: Aseos Ximnasio, Corredor da aula de debuxo, Porche.
- **Zona 4A** -Planta 4: Aseos, Corredor de aulas dos 2º, Acceso Aula de Ciencias Sociais.
- **Zona 4B** - Planta 4: Aseos e Pasillo dos 1º.
- **Zona 5** -Planta 5:Escaleiras de incendio I e II.
- **Zona 6** - Pistas de xogo
- **Zona 7** - Exterior: Aparcamento, Porta de peatóns.

C) A BIBLIOTECA

Funcionará cun servizo de empréstamo a domicilio para os alumnos e tamén como sala de lectura.

Estará aberta ós alumnos e alumnas en todos os recreos e tamén durante todas as horas que a dispoñibilidade de profesorado permita. Haberá un profesor encargado da biblioteca – con maior adicación – quen será o responsable de coordinar o funcionamento da biblioteca xunto cos demais profesores de garda na Biblioteca e dependendo sempre da Vicedirección ou ben do Departamento de Actividades Complementarias. Durante as horas de garda o profesor de garda, baixo a súa responsabilidade, poderá permitir o uso da biblioteca ós alumnos.

A Biblioteca dependerá directamente da Vicedirección ou Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares.

D) AULAS DE AUDIOVISUAIS

Ainda que algúns departamentos están dotados de equipos audiovisuais, existen dúas aulas para a súa utilización por parte dos profesores que as precisen. Haberá dúas follas-horario na Sala de Profesores para anotarse.

E) SALÓN DE ACTOS

Deixarase libre para exames, reunións, conferencias, para o que haberá tamén unha folla-horario na Sala de Profesores onde deberán anotarse os que o soliciten.

F) CAFETERÍA

Os alumnos só poderán acudir á Cafetería nas horas de lecer

Non lles está permitido ir á cafetería nas horas de clase nin nos cambios de clase.

G) ZONA DE APARCAMENTO

Polo momento esta zona de aparcamento é zona de tránsito cara ós patios nas horas de lecer, pero en canto se amplíen os terreos do IES considerase oportuno limitar o acceso só para aparcamento.

• RESPONSABILIDADE

A conservación das aulas e dos aseos será responsabilidade dos alumnos quen es deberán facerse cargo dos desperfectos causados de forma negligente.

O aparcamento é lugar só de paso para os alumnos, co fin de que poidan acceder ós patios de xogo desde a entrada principal.

Haberá Profesores de Garda durante todo o horario lectivo. Isto inclúe as horas de clase así coma os recreos. Establécense unhas zonas estratéxicas repartidas entre os profesores que estean de garda quenes velarán polo bo funcionamento do centro, a seguridade dos alumnos así coma a conservación dos materiais.

A) ZONAS DE ESTANCIA LIBRE

- Cafetería
- Corredor de ascensores da Planta 1
- Patios e pistas de xogos
- Porche

B) ZONAS DE TRÁNSITO NAS QUE SÓ SE PODE CIRCULAR

- Recibidor da entrada principal
- Escaleira ata a Planta 3 incluíndo un corredor desta planta que sae ó patio
- Aseos Planta 2 e Planta 3
- Aparcamento e porta de peatons. Proponse eliminar a porta pola que se accede do aparcamento ós patios e pistas de xogo

C) PLANTAS 4 e 5

As plantas 4 e 5 desaloxaranse ó tocar o timbre e non se poderá entrar nelas durante o recreo. Esta norma non afectará ós Bacharelatos- estes poderán quedar nas aulas se o desexan-.Os aseos destas plantas utilizaranse soamente durante a baixada e subida do recreo.

D) DÍAS DE CHOIVA

Ademáis das zonas sinaladas de ESTANCIA como normativa xeral, nestos días tamén se poderá utilizar como tal (Zona de Estancia) o RECIBIDOR da entrada principal e a Escaleira ata a Planta 3 incluíndo o corredor desta planta que sae ó patio.

E) BIBLIOTECA

Por Parte do profesorado, tratarase de difundir e promover a posibilidade de utilización da Biblioteca durante o recreo para a realización de préstamos, devolucións, lectura, etc.

F) XOGOS

Proponse a idea de introducir durante os recreos algúns xogos grupais que fomenten a convivencia social e diversifiquen e enriquezan a oferta lúdica, formativa e de convivencia do centro – xadrez, damas, parchis, etc.,

Neste senso haberá que dotar á sala de Alumnos e á Cafetería de mesas e material de xogo, que serían controlados polos propios alumnos baixo a supervisión dun ou Varios profesores.

7D. OS TEMPOS ESCOLARES

• **ORGANIZACIÓN**

Seguir as directrices que marca o DOG do 2/09/97

Incluir documentos: Horario de Secretaría

Horario de Profesores

Horario de Alumnos

Horario do Equipo Directivo

Horario de Gardas

Horario da Biblioteca

Horario de Transporte Escolar

Durante o curso académico o horario xeral do Instituto será de 8.30 a 14.10 todos os días. A xornada divídese en dous periodos de 50 minutos seguidos dun recreo de 20 minutos, outros dous periodos de 50 minutos de clase seguidos dun recreo de 25 minutos e finalmente dous periodos de 50 minutos de clase. Os luns á tarde haberá dous periodos lectivos de 50 minutos entre as 16.15 e as 17.55.

Durante o verán o horario do centro é : _____

O horario no que o centro permanecerá aberto, fora do horario lectivo é : _____

Os alumnos do primeiro ciclo da ESO terán clase só polas mañans. Os alumnos de segundo ciclo da ESO e os alumnos de bacharelato terán clase polas mañans e tamén os luns pola tarde. Os alumnos do Programa de Garantía Social teñen clases no Instituto só nas mañans dos luns e dos mércores xa que realizan as clases prácticas no Centro de Desenrolo Local de Mos.

• **CRITERIOS**

O horario xeral do instituto permitirá a realización de tódalas actividades lectivas e complementarias que se establezan na programación xeral anual

- O horario lectivo do centro responde ó criterio de aforrar tempo no transporte xa que o 90% do alumnado do centro utiliza o Transporte Escolar e vive moi espallado polo concello de Mos. Dase prioridade ó horario de mañan porque ten un maior rendemento para os alumnos. Ademáis permite ós alumnos e alumnas realizar outras actividades como formar parte da banda de música, da Escola de Gaitas, acudir ó conservatorio- no mesmo Instituto-, practicar deportes, etc.
- O Centro permanecerá aberto, a disposición da comunidade escolar, fora do horario lectivo. Concretamente os mércores pola tarde, de 4:15 a 9:00 horas. Na actualidade estanse levando a cabo Actividades deportivas polas tardes, e tamén está funcionando o Conservatorio Municipal de Música nas dependencias do Instituto

SUXERENCIA

Posibilidade de por en funcionamento un servicio de comedor. Isto permitiría utilizar as instalacións do centro para actividades complementarias fora do horario lectivo. Referímonos a ensaios de grupos de teatro- xa se está a facer neste curso-, creación da revista do centro, ensaios do coro do Instituto, Coordinación de tarefas relacionadas ca Viaxe de Estudos de 4º da ESO e de 2º de Bacharelato, Utilización da Biblioteca como sala de lectura e de estudio.

• **RESPONSABILIDADE**

Para un bo aproveitamento do horario e para unha boa organización resaltamos a importancia da puntualidade, principalmente despois dos recreos.

Faltas de puntualidade dos alumnos:

- Se un alumno chega tarde, poderá entrar pero será amonestado
- Se un alumno chega máis de 10 minutos tarde non será admitido sen causa xustificada. O profesor anotarao no parte de clase
- Se un alumno persiste na súa falta de puntualidade considerarase como unha falta grave. O titor actuará en consecuencia.

Os alumnos e alumnas deberán permanecer na aula nos cambios de clase e esperar dentro ó profesor correspondente. Só poderase saír da aula nos recreos ou ben si os alumnos tiveran que cambiar á aula específica xa que non hai descanso entre clase e clase.

Os profesores limitaranse a súa hora de clase para realizar a función docente, sen envadir a hora doutra asignatura con exames, etc.